



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 16 de maio de 2019

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día dezaseis de maio de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(402).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urxente do 6 de maio, e ordinaria do 9 de maio de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(403).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DE TERCEIROS (CONTABILIDADE 2019). EXPTE. 8761/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/05/19 e o informe de fiscalización do 07/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/05/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o xefe de

Contabilidade, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 04/04/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, xustificou a necesidade do expediente coa finalidade da contratación do servizo para o mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (contabilidade 2019)

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación asinado en data 04/04/2019 polo Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica en data 05/04/2019.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e a Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 08/04/2019; e co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Facenda e do Concelleiro delegado de Xestión Municipal en data 09/04/2019.
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 08/04/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación do servizo polo procedemento Negociado, asinado pola xefa do Servizo de Contratación na data 03/05/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 07/09/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o negociado sen publicade e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 168 da LCSP.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de

contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicade coa finalidade de realizar a contratación do servizo para o mantemento de aplicacións propia de terceiros (contabilidade 2019)

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 03/05/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares, asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica en data 05/04/2019.

CUARTO.- Autorizar o gasto de **63.775,60 €**, que inclúe un IVE de **11.068,49**, dende o 1 de Maio de 2019, e que se imputará ás seguintes partidas e exercicio:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	2019	4.994,11 €	23.781,49 €	28.775,60 €
9311.2279900	2019	6.074,38 €	28.925,62 €	35.000,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(404).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE NOVEMBRO 2018 A MARZO 2019. EXPTE. 185302/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado polo xefe da Área de Benestar social, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: **novembro 2018 a marzo 2019**

DEPARTAMENTO: **BENESTAR SOCIAL** FUNCIONAL: **2310 / 2017**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
18/12/18	Reparacions e mantementos UBAS	2120000	201800100169	5.976,19	MARS Mantenimiento, Recuperación y Servicios S.Coop.G.
21/12/18	Servizo mensaxería	2230000	201800100987	1.200,00	Paula Ferreiro Rodriguez
18/12/18	Material campaña Unha bici un sorriso	2279900	201800100591	465,85	SIXPRESS COLOR S.L.L
21/12/18	Emisión tarxetas pago axudas alimentos	2279909	201800104916	5.193,00	CAIXABANK, S.A.
11/12/18	Intervencións informativas e sensibilización en medios de comunicación	2279906	201800097623	3.972,67	RADIO POPULAR, S.A.- COPE VIGO
05/12/18	Intervencións informativas e sensibilización en medios de comunicación	2279908	201800095748	6.534,00	RADIO VIGO S.A.U.
11/12/18	Intervencións informativas e sensibilización en medios de comunicación	2279908	201800097622	3.630,00	UNIPREX S.A.U
13/03/19	Reparación persianas UBAS Coia	2120000	201900018146	1.451,35	ACABADOS METALICOS CRESTAR, S.L
18/03/19	Obras reparación e melloras no CIIES	2120002	201900018135	28.790,91	ANLLAR MANTENIMIEN- TOS Y CONSTRUCCIO- NES S.L.U.
21/01/19	Suministro prensa	2200100	201900002503	379,00	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
21/01/19	Suministro prensa	2200100	201900002801	297,60	FARO DE VIGO, S.A.U.
21/01/19	Suministro prensa	2200100	201900003237	281,41	RIAS BAIXAS COMUNI- CACIÓN, S.A.
06/02/19	Aranzadi profesional	2200100	201900007967	1.575,13	EDITORIAL ARANZADI, S.A.U.
04/02/19	Servizo mensaxería	2230000	201900003213	12.000,00	PAULA FERREIRO RO- DRÍGUEZ
07/02/19	Taller movemento suave	2260902	201900009050	4.212,00	SANDRA G. VERBA SZERMAN
07/02/19	Taller canta con nos	2260902	201900009051	9.504,00	MIRIAN LAURA SANDO- VAL GUIRALDES
07/02/19	Obradoiro axilidade mental	2260902	201900009052	11.772,00	MONICA CALVO SE- RRANO
04/02/19	Obradoiro pilates, saúde e di- version	2260902	201900009514	13.464,00	VICTOR GONZALEZ RO- MERO
18/02/19	Obradoiro xogoterapia	2260902	201900011021	4.536,00	PATRICIA RIVAS GALLE- GO
05/03/19	Servicio autobus programa via- xa e coñece	2260902	201900012528	6.000,00	AUTOCARES LA FLORI- DA. S.A.L.
25/02/19	Mantenimento preventivo cli- matización	2279900	201900012316	1.923,90	CALOR Y AMBIENTE S.L.

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
05/03/19	Impartición curso	2279900	201900016321	3.382,83	FUNDACIO BOSCH I GIMPERA
21/03/19	Elaboración memoria anual	2279900	201900021153	3.630,00	JUAN FERNANDEZ DURAN
04/02/19	Mantenimiento extintores	2279902	201900003214	388,41	EXTINTORES MARINEX, S.L.
29/01/19	Mantenimiento páxina web PLDA	2279908	201900008166	871,20	VISUAL PUBLINET, S.L.
29/01/19	Impresión diplomas	2279908	201900008334	163,35	SIXPRESS COLOR S.L.
29/01/19	Desenvolm. Prog. Cine e saúde PLDA	2279908	201900008335	9.894,50	INICIATIVAS CULTURALES Y PEDAGÓGICAS
19/02/19	Estudo e análise situación actual do consumo	2279908	201900013002	10.817,40	UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
04/02/19	Programa SEREOS	2279909	201900003216	12.000,00	FUNDACIÓN ERGUETE INTEGRACIÓN
05/03/19	Programa Me Nuevo	2279909	201900016322	6.010,12	DOWN VIGO: ASOC. SINDROME DE DOWN
28/01/19	Servicio interpretación telefónica	2279917	201900003450	5.808,00	DUALIA TELETRADUCCIONES, S.L.
07/03/19	Equipamento comedor CIIES	6250000	201900018670	12.219,80	EL CORTE INGLES, S.A.
12/02/19	Desenvolvemento programa informático CIIES	6260001	201900011614	11.616,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(405).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN OU NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA NOS CENTROS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVADES DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 6307/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado da de Contratación, a letrada titular da Asesoría Xurídica, e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



Concello de Vigo

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (LPAC).
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal” (PCAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 5 de xullo de 2018, a XGL acordou adxudicar o procedemento a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. por un prezo total de 67.706,76 euros e un prazo de dous anos.

INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., constituíu garantía definitiva en efectivo na Tesourería do Concello con data 20 de xuño de 2018, segundo mandamento de ingreso n.º 201800054363, por importe de 2.797,80 euros.

Terceiro.- En data 31 de xullo de 2018, formalizouse o contrato en documento administrativo e comezou a súa execución o día 1 de agosto.

Cuarto.- En data 21 de febreiro de 2019, as técnicas de prevención de riscos e a xefa da área de Recursos Humanos, emiten informe detallando numerosos incumprimentos contractuais e solicitando ao servizo de contratación o inicio dos trámites oportunos para a resolución do contrato.

Quinto.- En data 29 de marzo de 2019 a XGL acordou iniciar o procedemento para a resolución deste contrato por concorrer a causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, a

demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e concedeulle un prazo de dez días hábiles para formular alegacións. Este acordo lle foi notificado ao contratista en data 5 de abril.

Sexto.- Durante o prazo do trámite de audiencia o contratista non formulou alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa é de servizos por canto o seu obxecto é a de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal. Así determinase na cláusula 2.1 do PCAP.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á resolución contractual. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.

Se ben, hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a resolución por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (ditámenes 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así, con relación ao procedemento haberá que estar ao previsto na vixente LCSP.

-II-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 39 do PCAP.



Concello de Vigo

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 221 TRLCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ó regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Antes de analizar estas causas e os efectos que anuda a lei ás mesmas, é preciso determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato se aplicarán distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

A teor do PCAP (cláusula 2.1), estamos en presenza dun contrato de servizos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 223 e 308 do TRLCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso débese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.
- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.
- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.
- h) As establecidas expresamente no contrato.

- i) A suspensión da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses por causa imputable á Administración.
- j) O desistimento ou a suspensión do contrato por un prazo superior a un ano acordada pola Administración.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 223.d do TRLCSP: “A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista”. Esta causa de resolución esta prevista tamén no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o presente contrato. Así, a cláusula 24 do PCAP tras fixar a obriga do adxudicatario de cumprir os prazos, tanto o prazo total, como os prazos parciais, determina para o caso de mora do contratista que:

“2.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora ao respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP.”

Tal e como desprendese dos informes técnicos recollidos nos antecedentes, o contratista incumpriu todos os prazos de entrega:

- Dos plans de autoprotección previstos na cláusula B.1 e 2 do PPT.
- Das Normas de actuación en caso de emerxencia para os centros de traballo previstos na cláusula B.3 do PPT.
- Das tarefas de formación e simulacros previstas na citada cláusula B do PPT.

Para a elaboración de cada un destes documentos o PPT, na cláusula B, contén unhas normas é unha planificación, que determina as tarefas a realizar en cada un dos oito trimestres do contrato.

Constatado o incumprimento do prazo, as técnicas de prevención dirixíronse en reiteradas ocasións ao contratista conminándoo a executar as tarefas pendentes. Determina ao respecto o referido informe o seguinte:

“Como responsables do contrato, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e as dúas técnicas de Prevención de Riscos Laborais da Área de Recursos Humanos e Formación, tendo en conta o retraso acumulado, xa comunicado¹ con anterioridade por correo electrónico ao contratista, en virtude do recollido na cláusula 24 do PCA acordaron informar a INGENIERÍA DE GESTIÓN, S.L. do retraso no

1 Exp. 29372/220 – Trámite nº 325 - CRO: CONTROL 1º E 2º TRIMESTRE DE CONTRATO AGOSTO - DICIEMBRE 2018.
Enviado 03/12/18.
Exp. 29372/220 – Trámites nº 335 – 349 – NOTIFICACIÓN 44308/2018



Concello de Vigo

cumprimento dos prazos, e notificar o incumprimento dos prazos marcados no expediente 29372/220 ao servizo de Contratación do concello de Vigo, aos efectos oportunos, tal e como figura no Exp. 29372/220, trámites 335-349 – NOTIFICACIÓN 44308/2018.

Con posterioridade¹ a empresa INGENIERÍA DE GESTIÓN, S.L. remitiu correo electrónico no que solicitaba que por parte do SPPRL-CV se marcaran datas para realizar as formacións dos centros coa documentación presentada así como para realizar as visitas pendentes segundo a planificación prevista.

En contestación ao dito pedimento e para facilitar o cumprimento do contrato a pesar do retraso acumulado no cumprimento dos prazos marcados no PPT, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e as dúas técnicas de Prevención de Riscos Laborais da Área de Recursos Humanos e Formación acordaron aprazar a notificación ao servizo de Contratación ate a data na que se cumprira o segundo trimestre e enviaron á empresa INGENIERÍA DE GESTIÓN, S.L. un informe que recollía a planificación do traballo correspondente aos meses de decembro 2018 e xaneiro 2019, data na que vencía o segundo trimestre do contrato. O informe² de data 18/12/18, recollía o seguinte:

“(…)

Dende o 01/08/18 non se completou o requirido no PPT para ningún centro de traballo.

***INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.** entregou ate a data os seguintes documentos:*

- **CMD CASA DO PATIN:** Informe de situación inicial (en adiante ISI) + Normas de actuación no caso de emerxencia (entregado o 17/12/18 borrador, pendente de revisión polo SPPRL-CV).*
- **CMD A MIÑOCA:** ISI + Normas de actuación no caso de emerxencia.*
- **CMD TEIS - AUDITORIO:** ISI.*
- **BIBLIOTECA CENTRAL JUAN COMPAÑEL:** ISI + PAU.*
- **PAVILLON POLIDEPORTIVO TEIS:** ISI + Normas de actuación no caso de emerxencia³.*

queda pendente de entrega a restante documentación recollida no PPT.

¹ 18/12/18 – 9:34 horas. Correo anexo Exp. 29372/220 – Trámite 366.

² Exp. 29372/220 – Trámite nº 367. Envío por CRO Trámite nº 375.

³ Entregadas Normas de Actuación no caso de Emerxencia para **USO habitual con clubes deportivos entrenando en pista e sen público**. Pendente que a xefatura do servizo de Deportes defina os demais usos para a elaboración dos documentos pendentes.

A programación para os dous primeiros trimestres de contrato, tras os cambios realizados a pedimento do servizo de PARTICIPACIÓN CIDADÁ quedou tal e como segue:

PRIMEIRO trimestre de contrato en relación aos PLANS DE AUTOPROTECCIÓN:

- Casa das Artes - pendente entrega documentación e implantación.
- Biblioteca Central – pendente entrega parte da documentación e implantación.
- Casa da Xuventude - pendente entrega documentación e implantación.
- Casa Galega da Cultura - pendente entrega documentación e implantación.
- Pinacoteca - pendente entrega documentación e implantación.
- Casa do Concello - pendente entrega documentación e implantación.

PRIMEIRO trimestre de contrato en relación ás NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA:

- Pavillón polideportivo ETEA - pendente entrega documentación e implantación.
- Pavillón polideportivo Teis - pendente entrega parte da documentación e implantación.
- Complexo Deportivo Samil - pendente entrega documentación e implantación.
- Complexo Deportivo Balaidos - pendente entrega documentación e implantación.
- CMD A Miñooca - pendente entrega parte da documentación e implantación.
- CMD Casa do Patín - pendente entrega parte da documentación e implantación.
- CMD Teis, Auditorio e Pavillón - pendente entrega parcial documentación (so se entregou o ISI para o auditorio) e implantación.

SEGUNDO trimestre de contrato en relación aos PLANS DE AUTOPROTECCIÓN:

- Complexo deportivo Travesas - pendente entrega documentación e implantación.
- Complexo deportivo Navia - pendente entrega documentación e implantación.
- VERBUM - pendente entrega documentación e implantación.
- CEDRO - pendente entrega documentación e implantación.
- Casa do Concello - pendente entrega documentación e implantación.



Concello de Vigo

SEGUNDO trimestre de contrato en relación ás *NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA*:

- *Protección Civil*- pendiente entrega documentación e implantación.
- *Xuventude - Ludoteca*- pendiente entrega documentación e implantación.
- *Pavillón Coia* - pendiente entrega documentación e implantación.
- *Edificio antigo rectorado* - pendiente entrega documentación e implantación.

Na data actual soamente se pode programar a *IMPLANTACIÓN* (formación + simulacro) dos PAUS e NACES seguintes:

- **CMD CASA DO PATIN¹**
- **CMD A MIÑOCA**
- **BIBLIOTECA CENTRAL JUAN COMPAÑEL”**

Ademáis no dito informe se estableceu un calendario de visitas para formación e simulacro, así como de visitas aos centros de traballo con data de inicio 27/12/18 e data fin 30/01/19, informando ao contratista que:

“para o caso de que o vindeiro 30/01/19 non teñan cumprido ÍNTEGRAMENTE a planificación trimestral correspondente aos dous primeiros trimestres que figura no PPT, e en virtude do recollido na cláusula 24 do PCA, procederemos a notificar o incumprimento dos prazos marcados no expediente 29372/220 ao servizo de Contratación do concello de Vigo, aos efectos oportunos.”

O día 04/02/19 levouse a cabo unha reunión entre o responsable do contrato por parte da empresa *INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.* e as técnicas de prevención de riscos laborais do concello de Vigo para informarlle que tras non haber cumprido íntegramente a planificación trimestral marcada para os dous primeiros trimestres e tal e como se lles informara previamente, en virtude do recollido na cláusula 24 do PCA, se procedería **a notificar o incumprimento dos prazos marcados no expediente 29372/220 ao servizo de Contratación do concello de Vigo, aos efectos oportunos.**

D. Javier Nistal Sánchez, en representación de *INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.*, remitiu correo electrónico de data 06/02/19 dirixido ao SPPRL-CV (e anexo² ao expediente) no que se recollía o seguinte:

¹ Normas de actuación no caso de emerxencia (entregado o 17/12/18 o borrador, pendiente de revisión polo SPPRL-CV e entrega do documento definitivo).

² Exp. 29372/220 – Trámite 390.

“Según la reunión mantenida con vosotras este pasado lunes día 04-02-19, en la que nos comunicasteis verbalmente que procederíais a rescindir de forma inmediata el actual contrato de servicios que tenemos actualmente para la redacción de los Planes de autoprotección y Planes de emergencia, me gustaría que por favor nos dejaseis indicado que partes pendientes de validar quedan de cada uno de los planes de autoprotección /emergencia presentados, y de qué manera se podrían cerrar cada uno de ellos para poder facturarlos, y el importe a facturar, ya que hasta la fecha hoy y transcurridos 6 meses desde el inicio del contrato no nos ha sido posible el poder emitir ninguna factura.

Por nuestra parte nos gustaría cerrar todos los centros donde se ha realizado la visita y se ha entregado el Informe inicial y el Plan de autoprotección/emergencia:

BIBLIOTECA CENTRAL; CASA GALEGA DA CULTURA; VERBUM-CASA DAS PALABRAS; CEDRO; CASA DAS ARTES; PINACOTECA; COMPLEXO DEPORTIVO TRAVESAS; COMPLEXO DEPORTIVO NAVIA; PABELLON ETEA; PABELLON DE TEIS; CMD CASA DO PATIN; CMD DA MIÑOCA; CMD AUDITORIO DE TEIS; CMD AUDITORIO DE TEIS (AULAS); CMD CENTRO CÍVICO TEIS; PROTECCION CIVIL; XUVENTUDE-LUDOTECA; PAVILLON COIA e COMPLEXO DEPORTIVO SAMIL,

quedamos a la espera de vuestras indicaciones, por nuestra parte tenéis total disponibilidad, muchas gracias por vuestra ayuda.”

As técnicas do SPPRL-CV contestaron¹ o 12/02/19 nos seguintes termos:

“(…) Infórmase da situación actual en relación ao grao de cumprimento o 12/02/19 do contrato maior de servizos exp. 29372/220, correspondente aos dous primeiros trimestres de contrato (agosto-outubro 2018 e novembro 2018 – xaneiro 2019):

INFORME DE SITUACIÓN INICIAL

Entregado informe de situación inicial DEFINITIVO dos seguintes centros:

- DEPORTES - PAVILLÓN POLIDEPORTIVO ETEA*
- DEPORTES – COMPLEXO DEPORTIVO SAMIL*
- CMD A MIÑOCA*
- CMD CASA DO PATIN*
- DEPORTES – PAVILLÓN COIA*
- XUVENTUDE – LUDOTECA COIA*



Concello de Vigo

No resto dos centros entregado BORRADOR:

- *DEPORTES - PAVILLÓN POLIDEPORTIVO TEIS (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 28/09/18).*
- *BIBLIOTECA CENTRAL JUAN COMPAÑEL (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 27/09/18).*
- *CASA GALEGA DA CULTURA (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 10/01/19).*
- *PINACOTECA (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 16/01/19).*
- *DEPORTES – COMPLEXO DEPORTIVO TRAVESAS (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 30/01/19).*
- *DEPORTES – COMPLEXO DEPORTIVO NAVIA (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 23/01/19).*
- *CASA DAS ARTES (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 28/09/18).*
- *VERBUM (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 07/01/2019).*
- *CEDRO (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 22/01/2019).*
- *PROTECCIÓN CIVIL (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 08/01/2019).*
- *CMD TEIS – AUDITORIO (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 03/12/18).*
- *CMD TEIS (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).*

Ademais para os seguintes centros **NON SE ENTREGOU o ISI nin en formato borrador**:

- *CMD TEIS – PAVILLÓN*
- *CASA DO CONCELLO*
- *EDIFICIO ANTIGO RECTORADO – **ANULADO** (cesión do edificio)*
- *COMPLEXO DEPORTIVO BALAÍDOS – **ANULADO** (obras)*
- *CASA DA XUVENTUDE – **ANULADO** (o PAU vixente é de 2018, acordouse pospoñelo cara o final do contrato).*

PLANS DE AUTOPROTECCIÓN / NORMAS ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

Entregado PAU / normas de actuación en caso de emerxencia DEFINITIVO para os seguintes centros:

- BIBLIOTECA CENTRAL JUAN COMPAÑEL.
- DEPORTES – PAVILLÓN POLIDEPORTIVO TEIS
- CMD A MIÑOCA
- CMD CASA DO PATÍN

No resto dos centros entregado BORRADOR:

- VERBUM (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 23/01/2019).
- CEDRO (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 24/01/2019).
- PROTECCIÓN CIVIL (pendente de enviar o documento definitivo, comentarios do SPPRL-CV enviados o 24/01/2019).
- DEPORTES PAVILLÓN COIA 25/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- XUVENTUDE LUDOTECA COIA 25/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- CASA GALEGA DA CULTURA 23/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO 24/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- DEPORTES – COMPLEXO DEPORTIVO TRAVESAS 30/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- DEPORTES – COMPLEXO DEPORTIVO NAVIA 24/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- DEPORTES – PAVILLÓN POLIDEPORTIVO ETEA 24/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- DEPORTES – COMPLEXO POLIDEPORTIVO SAMIL 28/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- CMD TEIS 21/12/18 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- CMD TEIS – AUDITORIO 19/12/18 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- CMD TEIS – PAVILLÓN 21/12/18 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).
- CASA DAS ARTES (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).



Concello de Vigo

Para os seguintes centros **NON SE ENTREGOU PAU / NORMAS ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA** nin sequera en formato **BORRADOR**:

- **CASA DO CONCELLO**
- **EDIFICIO ANTIGO RECTORADO – ANULADO** (cesión do edificio)
- **COMPLEXO DEPORTIVO BALAÍDOS – ANULADO** (obras)
- **CASA DA XUVENTUDE – ANULADO** (o PAU vixente é de 2018, acordouse pospoñelo cara o final do contrato).

*Lembrámoslles que os PAU deben ser visados polo colexio correspondente (incluídos os xa entregados que están **TODOS** sen visar).*

CONSIGNAS PARA CONTRATAS

*Pendente en **TODOS** os centros. Enviada proposta de documento en formato **BORRADOR** o 31/01/19 (Pendente de revisión polo SPPRL-CV).*

FORMACIÓN

Impartida a formación nos seguintes centros:

- **CMD A MIÑOCA (27/12/19)**. *Pendente de recibir copia en soporte dixital (PDF) da presentación realizada para a formación, da documentación entregada aos asistentes, así como da folla de sinaturas.*
- **CMD CASA DO PATIN (27/12/19)**. *Pendente de recibir copia en soporte dixital (PDF) da presentación realizada para a formación, da documentación entregada aos asistentes, así como da folla de sinaturas.*

Nos demais centros de traballo está pendente de impartir a formación.

CERTIFICADOS DE FORMACIÓN

*Pendente en **TODOS** os centros.*

SIMULACRO

Realizado o simulacro nos seguintes centros:

- **CMD A MIÑOCA (27/12/19)**. *Pendente de recibir informe do simulacro.*
- **CMD CASA DO PATIN (27/12/19)**. *Pendente de recibir informe do simulacro.*

Pendente no resto dos centros.

INFORME DE SIMULACRO:

Pendente en TODOS os centros

PLANOS DE EVACUACIÓN

Pendente en TODOS os centros

Lembrámoslles que deben cumprir o recollido no PPT íntegramente para cada centro de traballo obxecto do contrato.

Por último no relativo á factura, segundo aparece recollido no prego de cláusulas administrativas, o importe de cada factura será a cantidade anual dividida entre 4 cuatrimestres. Poderán emitir a factura correspondente a cada trimestre unha vez se complete toda a documentación e accións pendentes nos centros correspondentes marcados para ese trimestre. “

Ademais do xa exposto, o contratista non cumpriu con parte do que propoñía no PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO de data a 24 de abril de 2018, en particular:

- “IGS entregará chalecos serigrafiados indicando “Equipo de emerxencia” para entregarllos aos compoñentes dos equipos de evacuación e intervención.*
- Así mesmo, mostraranse videos explicativos en cada formación para facilitar a comprensión dos documentos.*
- Colocarase en taboleiros e paredes os novos planos de evacuación, así como carteis de que facer en caso de evacuación, incendio, ataque terrorista, terremoto, etc. A continuación mostrase uns poucos exemplos da cartelería a colocar nos centros, que serán nos idiomas de galego, castelán e inglés (ver páx. 7-8 do dito documento).*
- Realizarase unha sesión de baleirado de extintores: 1 de pó ABC e outro de CO2 para o personal que desexe participar na práctica.*
- Entregaranse dípticos informativos cos protocolos de actuación ao persoal que asista ás formacións.*
- Impartiranse charlas a todo o persoal que traballe nos centros e empresas colaboradoras que realicen as súas funcións nos centros. Ademais, no taboleiro de anuncios colocarase plastificado o resumo da charla impartida no centro.*



Concello de Vigo

- *“Proposta de documentación adicional para unha mellor implantación dos documentos:*
 - *Confección de fichas de intervención personalizadas: Elaboraranse fichas personalizadas para cada un dos intervinientes nas emerxencias de cada un dos centros enumerados no prego de condicións técnicas.*
 - *Confección de instrucións básicas para contratas e visitas, se é o caso. Redactaranse instrucións básicas a cumprir por contratas ou visitas a cada un dos centros enumerados no prego de condicións técnicas.*
 - *Establecemento de mecanismos de información ao público: Dado que en determinadas actividades (propias da administración pública do concello, bibliotecas , cemiterios, pavillons deportivos, etc...) o plan de evacuación contempla a evacuación de usuarios que non coñecen o edificio, informar o público acerca das actuacións en caso de emerxencia facilita aos traballadores as tarefas de evacuación. Os mecanismos de evacuación, máis aló dos carteis tipo “Está Ud aquí”, poden ser vídeos explicando as saídas nas salas de espera, dípticos informativos, charlas previas aos actos, charlas informativas nas xornadas de portas abertas...*
 - *Acceso 24 horas a plans de autoprotección e normas de actuación en caso de emerxencia. Ademais de toda a información achegada nas formacións, colocación de carteis nos centros, dípticos informativos, vídeos explicativos, etc. Todos os traballadores de cada un dos centros dispoñerá dun link con acceso permanente a toda a documentación relevante do seu interese, tales como os Plans de Autoprotección, Normas de Actuación en caso de emerxencia, vídeos explicativos, etc.”*

Á vista destas circunstancias, as técnicas de prevención e a xefa da área de Recursos Humanos propoñen a resolución do contrato.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede que a Administración contratante inicie o procedemento de resolución do contrato.

En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, segundo os cales a facultade de resolver enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpre as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985).

En consecuencia, deberá ser a Administración contratante a que inicie o procedemento de resolución do contrato, pois esta non opera de forma automática, senón que debe ser

declarada formalmente pola Administración contratante seguindo o procedemento establecido ó efecto. Como trámite preceptivo do procedemento a seguir para a resolución do contrato por mora do contratista, a lei fixa a audiencia do contratista e, se este formulase oposición, o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva. Así, a XGL acordou en data 29 de marzo de 2019 incoar expediente de resolución e concedelle un trámite de audiencia ao contratista, se ben este non formulou alegacións.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso. A regulación do procedemento de resolución será a prevista na LCSP. No entanto, A LCSP non regula o procedemento de resolución, remite á súa regulación a un posterior regulamento.

De acordo cos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Deberá darse audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Deberá darse audiencia ao avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.
- Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.
- Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

O que si establece a LCSP é o prazo máximo para instruír e resolver os expedientes de resolución contractual, que é de oito meses (artigo 212.8LCSP).

Como pode apreciarse á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo do mesmo, a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

No presente caso non é preciso evacuar trámite de audiencia ós avalistas por canto a garantía definitiva constituíuse en efectivo, na Tesourería do Concello con data 20 de xuño de 2018, segundo mandamento de ingreso n.o 201800054363, por importe de 2.797,80 euros.



Concello de Vigo

No caso que nos ocupa evacúase trámite ao contratista polo prazo preceptivo sen que este formulase alegacións.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, estes deberán evacuarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

-IV-

Dos efectos da resolución

En canto ós efectos da resolución cando o contrato se resolva por incumprimento imputable ao contratista, como neste caso, o artigo 225.3 do TRLCSP determina que este deberá compensar á Administración polos danos e perdas causados. A indemnización será efectiva, en primeiro lugar, coa garantía de que, no seu caso, fose establecida, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que supera o importe da garantía incautada.

É preciso ter en conta a circunstancia de que o contratista tiña xa comezado a execución da obra. O artigo 309 do TRLCSP, ó regular os efectos específicos da resolución dun contrato de servizos, prevé esta situación e determina que o contratista terá dereito a perceber o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizara con arranxo ao contrato e que tivesen sido recibidos pola Administración. Sen embargo, no caso que nos ocupa, no citado informe técnico se di que neste intre non hai ningún plan de autoprotección nin normas de actuación no caso de emerxencia que estea completa consonte ao PPT. E con respecto a documentación entregada fase fincapé no feito de que detectáronse numerosos erros, coma por exemplo:

- Erros importantes en canto ao número de traballadores que desenvolven o seu traballo no centro obxecto da documentación (exp. 499/2202 e 497/2202).
- Deficiencias importantes na descrición da contorna do centro (exp. 497/2202).
- Descrición incorrecta da tipoloxía de persoas que poden acceder ao centro (exp. 499/2202).
- Erros importantes na tradución ao galego e ao inglés dos textos que aparecen nos planos (exp. 499/2202, 497/2202, 500/2202, 498/2202).
- Erros na lexislación de aplicación á instalación de medios de protección contra incendios do centro (con alusións a normativa que non existía no momento desta instalación)(exp. 499/2202, 498/2202, 500/2202).
- Alusións a medios que non existen no centro para utilizar durante a emerxencia (telefonía interna, sistema de megafonía, megáfono... ou o contrario, nalgún centro onde contan con sistema de megafonía e de alarma propoñen a utilización de megáfono manual, do que non dispoñen (exp. 498/2202, 499/2202, 500/2202).

- Alusión a postos non existentes nos centros (director/a, telefonista, secretario/a, equipos de seguridade interiores...) (exp. 497/2202, 498/2202, 500/2202)
- Moitas partes dos documentos son un copia e pega, o que supón erros (por exemplo: “ Sacaranse canto antes pero sempre quedarán na zona do descansillo, ata a evacuación do resto dos usuarios” - nalgún centro non hai “descansillos”, pero aparece igualmente esta frase (exp. 497/2202).
- Erros na identificación e enumeración de instalacións existentes de cada centro (por ex. dous ascensores en lugar de un ou falta do depósito exterior de combustible localizado baixo as escaleiras de emerxencias no exp. 498/2202).

É preciso engadir que o PCAP prevé como forma de pago facturas trimestrais, por un importe dunha cuarta parte da anualidade. E determina que “Na factura deberá constar o concepto, no que se relacionarán os centros para os que se realizaron os traballos, indicando a parte realizada, que deberá ser conforme á planificación que figura no PPT” (apartado 12 da FEC). Se temos en conta que o contratista non completou os traballos correspondentes a ningún trimestre e que a documentación parcial aportada non é correcta, podemos concluír que non procede o aboamento de cantidade ningunha ao contratista.

Se procedería incautar a garantía que responde da execución do contrato por canto a resolución deste contrato prodúcese por causas imputables ao contratista.

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga inescusable de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

O artigo 212.8 da LCSP establece que os expedientes de resolución contractual deben ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ó contratista emitírase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL



Concello de Vigo

e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), e en caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello consultivo.

-VII-

Acordo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Resolver o contrato de servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal, por incumprimento das súas obrigas esenciais polo contratista, consonte ao argumentado no corpo deste escrito.

2º.- Incautar a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., a garantía definitiva constituída en efectivo na Tesourería do Concello en data 20 de xuño de 2018, segundo mandamento de ingreso número 201800054363, por importe de 2.797,80 euros.

3º.- Notificar este acordo a INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(406).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO ALLEAMENTO DE EFECTOS NON UTILIZABLES (VEHÍCULOS E MATERIAL DE CHATARRA) EXPTE. 13393/445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 08/05/19, que di o seguinte:

12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 16 de abril de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 3 de maio de 2019.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 6 de maio de 2019:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 16-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “O alleamento, segundo as necesidades do Parque Central, e nas preceptivas condicións de seguridade legalmente establecidas de vehículos cualificados como efectos non utilizables por non ser aptos para o servizo ao cal se atopaban afectos debido ao seu estado de deterioro ou por graves deficiencias técnicas e de residuos metálicos procedentes de mobiliario urbano, cable eléctrico, utillaxe e ferramentas de traballo. EXPTE. 13393-445” que rematou o día 3 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 6 de maio de 2019, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.393-445) por non terse presentado proposición ningunha en prazo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(407).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 153/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/05/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 08/05/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 17 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para

consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de abril de 2019:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,61
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,35
3	ORECO, S.A.	93,12
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,43
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,10
6	NAROM, S.L.	85,12
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	85,09
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	83,05
9	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	78,69
10	HORDESCON, S.L.	77,78
11	ELSAMEX, S.A.	76,30
12	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	66,42
13	NATURGALIA, S.L.	43,20

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 24 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 3 de maio de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 22 de marzo e 5 de abril de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) por un prezo total de 559.274,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 97.064,14 euros.”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(408).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE SÁRDOMA CLUBE DE FÚTBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018-2019. EXPTE. 18174/333.

Visto o informe xurídico do 21/03/19 e o informe de fiscalización do 07/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 23.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.19 a favor da entidade Sárdoma Clube de Fútbol polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Sárdoma C.F conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª División Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



Concello de Vigo

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Sárdoma C.F e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e*

aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Sárdoma C.F para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.19, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de



Concello de Vigo

subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Sárdoma C.F durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Sárdoma C.F para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 23.000,00 €. a favor da entidade Sárdoma Clube de Fútbol co CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camino da Feira, S/N, 36214, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18174-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.19 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB SÁRDOMA CLUBE DE FÚTBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18174/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Begoña Aldao Matilla como presidente da entidade Sárdoma CF CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño da Feira, S/N, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18174/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Sárdoma CF durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría 2ª División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Sárdoma C.F desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Sárdoma C.F impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.



Concello de Vigo

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.19 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 23.000,00 €, a favor da entidade deportiva Sárdoma Clube de Fútbol

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Sárdoma C.F na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Sárdoma C.F non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18174-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Sárdoma C.F conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Sárdoma C.F comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Sárdoma C.F na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Sárdoma C.F (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Sárdoma Clube de Fútbol unha subvención por importe de 23.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.19 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de



Concello de Vigo

Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.



Concello de Vigo

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de 2019.

8(409).- SUBVENCIÓN MEDIANTE CONVENIO COA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS POLO DESENVOLVEMENTO DO “RALLYE RIAS BAIXAS 2019”. EXPTE.18263/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/04/19 e o informe de fiscalización do 08/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a Escudería Rías Baixas por importe de 40.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.01 polo desenvolvemento de eventos deportivos.

O evento terá lugar entre os días 17, 18 e 19 de maio de 2019.

O evento, organizado pola entidade Escudería Rías Baixas, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Fernando Mouriño Sio, Presidente da entidade organizadora e posuidor dos dereitos do evento na cidade de Vigo manifesta que a súa entidade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade



Concello de Vigo

de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Rallye Rías Baixas 2019, segundo o presuposto presentado pola entidade Escudería Rías Baixas, ascenden a un total de 157.607,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.0001 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 40.000,00 (Corenta mil euros), para o "Rallye Rías Baixas 2019"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que a Escudería Rías Baixas, CIF G36645398 ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 157.607,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan no pacto segundo do convenio por importe de 40.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 25,37 % do total do gasto previsto.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de

medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas para a realización do “Rally Rías Baixas 2019”.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.01, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.



Concello de Vigo

A Vixencia deste convenio é polo evento deportivo do “Rallye Rias Baixas 2019”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a Escudería Rias Baixas para a realización do Evento deportivo “Rally Rias Baixas 2019” e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 40.000,00 € a favor da Escudería Rias Baixas co CIF nº G-36645398 e enderezo social na Travesía Cordoeira nº19 36208, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18263-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS POLO DESENVOLVEMENTO DO “RALLYE RIAS BAIXAS 2019” (Expte. 18263/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Fernando Mouriño Sío como presidente da entidade Escudería Rias Baixas CIF nº G-36645398 e enderezo social na Travesía Cordoeira nº19 36208, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18263-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do evento deportivo do “Rally Rías Baixas 2019” organizada pola Escudería Rías Baixas. A entidade ten os dereitos de representación en exclusiva do Evento deportivo.

Esta entidade, plantexa un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converterá á cidade de Vigo no centro de atención internacional da modalidade de do motor, na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude.

II.-Que a Escudería Rías Baixas organizará durante o 17, 18 e 19 de mayo de 2019, a entidade organiza o 53º Rallye Rías Baixas, que outorga un valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel internacional, e que confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reunirá a mais de 150 vehículos, que participarán nas fórmulas de competición de Copa Top Ten, Volante FGA, Promoción Piloto Xoven, Copa AMF, Copa iniciación, cunha participación prevista de máis de 300 deportistas e 40,000 espectadores, para un evento totalmente gratuíto, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, atribuídos a administración no artigo 25.2.I da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e como se establece na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza un amplo abanico de eventos deportivos de gran nivel internacional e nacional.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos de gran nivel internacional no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento de grandes eventos deportivos na cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.01 de eventos deportivo, dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 40.000,00 (Corenta mil euros), para o “Rallye Rías Baixas 2019”

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do evento deportivo.



Concello de Vigo

VI.- Que a Escudería Rias Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18263-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Escudería Rias Baixas conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Escudería Rias Baixas comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacions, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- O Concello de Vigo participará de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo.

9º.- A imaxe Institucional do Concello de Vigo estará presente no arco de saída nunha posición principal, especialmente nos tramos que o evento deportivo recorre o termo municipal de Vigo e no parque de vehículos previo as saídas.

10º.- O Organizador do evento deportivo deberá presentar unha memoria de todo o evento, incluíndo a representación gráfica da imaxe institucional en todos os espazos.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente á Escudería Rias Baixas unha subvención por importe de 40.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co evento deportivo do “Rallye Rias Baixas”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na



Concello de Vigo

que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2019.

9(410).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DA “FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO-VIGO 2019”. EXPTE. 18377/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/05/19 e o informe de fiscalización do 13/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 8/05/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.

- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo.

A celebración da Fase de ascenso a División de Prata masculino de Balonmán, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Balonmán no ámbito nacional na segunda división, cunha enorme repercusión, dada a participación dos 4 mellores clubs da segunda categoría, con preto de 80 deportistas, e asistencia de mais de 4.000 persoas de público, tendo en conta ademais que o balonmán constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, e convertería o Unión Balonmán Lavadores como referente do Balonmán na nosa cidade, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do balonmán.

A cidade de Vigo ademais, conta cunha longa tradición de balonmán, coa celebración ó longo da súa historia de competicións do máis alto nivel da segunda categoría nacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afección a este deporte.

4.- No devandito protocolo de colaboración convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

5.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:



Concello de Vigo

Investimento

- Fase de Ascenso a División de Prata Masculina, coa participación de máis de 80 participantes do ámbito nacional na segunda categoría, que disputarán os partidos oficiais do campionato dende o 17, 18 e 19 de Maio de 2019 en Vigo.

6.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Investimento

Fase de Ascenso a División de Prata Masculina

Obxecto da actuación:

Fase de Ascenso a División de Prata Masculina, coa participación de máis de 80 participantes do ámbito nacional na segunda categoría, que disputarán os partidos oficiais do campionato dende o 17, 18 e 19 de Maio de 2019 en Vigo

Alcance económico da actuación:

22.000,00 €

7.- En data 05.04.19 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

8.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- Os artigos 88 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC), 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

VI.- O convenio consta dunha parte expositiva e once pactos. O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímanse conformes ao interese público municipal.

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.



Concello de Vigo

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con:

Desenvolvemento da Fase de Ascenso a División de Prata Masculina de Balonmán, coa participación dos 4 mellores equipos no ámbito nacional de segunda categoría que disputarán os partidos oficiais do campionato dende o 17, 18 e 19 de Maio de 2019 en Vigo, cun orzamento previsto de 27.000,00 €.

IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA “FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE PRATA MASCULINA”, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do balonmán a través da organización da Fase de Ascenso a División Prata Masculina, e solicitar a súa subscrición.

Terceiro.-Tras a firma do presente convenio iniciárase a tramitación administrativa conducente a cumprimento dos terminos do convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DA “FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO – VIGO 2019”

No Pazo Provincial, _____ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos



Concello de Vigo

principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción do deporte.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes. No apartado IV do citado Protocolo expónse que a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desenvolverán a colaboración para a realización de actuacións, das que se considerarán prioritarias en materia do deporte, aquelas encamiñadas a potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador que posibilite a consolidación das novas demandas sociais.

III.- Que a promoción do deporte se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

Asemade, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, atribúe aos municipios, entre outras competencias, o fomento e difusión do deporte, ou a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas. Pola súa parte, o artigo 7 do mesmo texto legal, atribúelle ás Deputacións provinciais, entre outras competencias, o fomento, promoción e difusión do deporte, ou a colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas.

IV.- Que a cidade de Vigo acollerá a *“FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA MASCULINO”* o 17,18 e 19 de maio de 2019. A organización deste evento supón a difusión, a nivel nacional da cidade de Vigo, e a promoción do deporte do balonmán da provincia de Pontevedra.

V.- Que a *“FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR”*, da cal saldrá un dos equipos que a próxima tempada competirán na *“División de Honor Plata”* (segunda categoría do

balonmán nacional), supón a concentración na cidade de Vigo de 4 equipos nacionais, así como xuíces e árbitros nacionais e distintos delegados da Federación Nacional de Balonmán. Por todo o referido, a celebración deste evento ven reforzar á cidade de Vigo como referencia no deporte do balonmán a nivel nacional. Asemade, o carácter deste evento e a afluencia de visitantes de todo o país, supón unha oportunidade para a promoción non só da Ría e da cidade de Vigo, senón tamén das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra en xeral, como potenciais destinos turísticos.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento e a promoción do deporte, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da *“FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO – VIGO 2019”*, que se celebrará na cidade de Vigo entre o 17 e o 19 de maio de 2019.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento da citada *“FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO”* durante o ano 2019, que conta cun orzamento total de VINTE E SETE MIL EUROS (27.000,00€).

1.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, para a execución do evento deportivo obxecto deste convenio, a cantidade máxima de CINCO MIL EUROS (5.000,00€).

O pago da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de DEZASETE MIL EUROS (17.000,00€) para a realización da *“Fase de Ascenso a División de Honor Plata Balonmano”*. A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito nas aplicacións correspondentes.

O pago da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 3410.489.00.01 do orzamento do Concello de Vigo.

As financiaciónñas comprometidas pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:



Concello de Vigo

INVESTIMENTO	EXERCICIO 2019
Achega da Deputación de Pontevedra	5.000,00 €
Achega do Concello de Vigo	17.000,00 €
TOTAL	22.000,00 €

No caso de que actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste convenio de colaboración.

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención ao “CLUB UNIÓN BALONMÁN LAVADORES VIGO”, CIF G36810075, para a celebración en Vigo, entre os días 17 e 19 de maio, da “FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO – VIGO 2019”.

3º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións necesarias para o desenvolvemento do programa de dinamización da devandita Fase de Ascenso.

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo ao “Club Unión Balonmán Lavadores Vigo” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas no mesmos.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos

técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- copia do acordo de aprobación por parte da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo ao “Club Unión Balonmán Lavadores Vigo” para a celebración en Vigo, entre os días 17 e 19 de maio, da “*FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO – VIGO 2019*”.
- memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- certificación de pagamento a favor do “Club Unión Balonmán Lavadores Vigo”, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.
- calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de subvención, do Concello de Vigo ao “Club Unión Balonmán Lavadores Vigo” para a celebración en Vigo, entre os días 17 e 19 de maio, da “*FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO – VIGO 2019*”.
- Aprobar o texto da proposta de subvención ao “Club Unión Balonmán Lavadores Vigo”, pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións as que se refire as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública



Concello de Vigo

ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- Financiar a realización do evento deportivo, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á celebración da “FASE DE ASCENSO A DIVISIÓN DE HONOR PLATA BALONMANO – VIGO 2019”, en todos os formatos, figurará o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo. As accións a desenvolver dentro da actuación, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.



Concello de Vigo

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.
- 6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio.

UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

10(411).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO. EXPTE. 16138/77.

Visto o informe xurídico do 15/04/19, e o informe de fiscalización de data 24/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamiento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 11 de xaneiro de 2019, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, resolveu iniciar o expediente de contratación DE SERVIZO DE SEGURIDADE NOS INMOBLES XESTIONADOS POLA CONCELLERÍA DE EMPREGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento local en data 10/01/2019 e polo Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos en data 11/01/2019.
2. Orde de inicio de 11 de xaneiro de 2019 do Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 14 de xaneiro de 2019, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 14 de xaneiro de 2019, asinado polo xefe de



Concello de Vigo

- servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
5. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 25/01/2019 e polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos en data 29/01/2019.
 6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 5 de febreiro de 2019, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
 7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 7 de febreiro de 2019.
 8. Prego de cláusulas administrativas particulares de data 13 de febreiro de 2019, asinado pola xefa do servizo de Contratación.
 9. Informe-proposta de aprobación do expediente de contratación asinado o 13/02/2019 polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado, e polo Relación con Sindicatos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda en data 14/02/2019.
 10. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 1 de marzo de 2019, asinado polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
 11. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 4 de marzo de 2019.
 12. Prego de cláusulas administrativas particulares de data 4 de marzo de 2019, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, en resolución de 11 de xaneiro de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP procede empregar o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (16138/77) por procedemento aberto simplificado de “SERVIZOS DUN SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 14 de xaneiro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 4 de marzo de 2019 que rexerán a contratación de “SERVIZOS DUN SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.

3º.- Aprobar o gasto de **4.390,84 €**, para a contratación de servizos dun sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos Centros de Emprego, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22779900, dos orzamentos do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

- 1.280,66 € correspondentes aos meses de xuño a decembro de 2019
- 2.195,42 € correspondentes aos meses de xaneiro a decembro de 2020
- 914,76 € correspondentes aos meses de xaneiro a maio de 2021

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(412).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DO AVAL PRESENTADA POLA ENTIDADE MERCANTIL, IBERAVAL, SGR. EXPTE.11939/446.

Visto o informe xurídico do 07/05/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns, e polo concelleiro-delegado de Parques Xardíns, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2008, acordou adxudicar provisionalmente a Moycosa SA, o 'lote 2 valado' do procedemento aberto para a subministración de balastrada e cartelería para parques infantís (expte. 4180/446), por un prezo do metro lineal do valado de 72,81 € e un prezo total do contrato de 178.000,00€, sendo o prazo de garantía de 11 anos.

A adxudicataria debía constituír garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

II.- A entidade mercantil Moycosa, SA, depositou aval bancario na Tesourería municipal, para responder da garantía definitiva imposta, recollido no documento contable con número de operación 200800073751, de data 26 de decembro de 2018.

III.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2008, acordou adxudicar definitivamente á entidade mercantil, Moycosa, SA, o 'lote 2 valado' do procedemento aberto para a subministración de balastrada e cartelería para parques infantís (expte. 4180/446).

IV.- En data 5 de marzo de 2019, a entidade mercantil, IBERAVAL, SGR, solicita a devolución do aval que lle outorgou á entidade mercantil, Moycosa SA, por un importe de 7.672,41€, en relación ao contrato de adquisición de balastrada e cartelería para parques infantís, lote II (doc. 190032470).

V.- En data 29 de abril de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns informou o seguinte:

"(...) A última factura conformada por esta administración en relación co subministro do valado é de data 15 de decembro de 2009.

Ante o exposto, infórmase que non procede a devolución do aval, toda vez que non transcurriu o prazo de garantía establecido na adxudicación do contrato (expte. 4180/446)."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS, segundo Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público, vixente no momento da formalización do contrato 4180/446 (con vixencia ata o 16 de decembro de 2011):

Primeiro.- O artigo 83.1 da Lei 30/2007, dispón que *“Os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas deberán constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía dun 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido”*.

Segundo.- O artigo 90.1 da Lei 30/2007, dispón que *“A garantía non será devolta ou cancelada ata que se teña producido o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.”*

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP 2017).

Á vista do exposto propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Desestimar a solicitude presentada pola entidade mercantil, IBERAVAL, SGR, (doc. 190032470), con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 5 de marzo de 2019, no que solicitaba a devolución do aval que lle outorgou á entidade mercantil, Moycosa SA, por un importe de 7.672,41€, en relación ao contrato de adquisición de balaustrada e cartelería para parques infantís, lote II, toda vez que, segundo consta no informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 29 de abril de 2019, non procede a devolución do aval ao non ter transcorrido o prazo de garantía establecido na adxudicación do contrato (expte. 4180/446).

Segundo: Contra o presente acordo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2019. EXPTE. 2578/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/05/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018.

Dase conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística nos meses de marzo e abril de 2019.

Expediente	2553-334. Curso de <i>Árbores e prantas e través da historia</i>
Resolución concelleira	data 11 de marzo de 2019
Informe Intervención	RC 18335
Adxudicatario	Marcelo Rodríguez Acosta (faia, educación ambiental)
Importe	1.506,45 euros

Expediente	2557-334. Percorrido literario
Resolución concelleira	data 10 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 25693
Adxudicatario	Xurxo Manuel Souto Eiroa
Importe	255,00 euros

Expediente	2558-334. Curso de 28 horas de Narración oral no CIOV
Resolución concelleira	data 17 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 25694
Adxudicatario	Ana Carreira Varela
Importe	1.008,00 euros

Expediente	2561-334. 3 faladoiros de alimentación saudable
Resolución concelleira	data 10 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 25695
Adxudicatario	Lidia Folgar Latorre
Importe	618,92 euros

Expediente	2563-334. 4 sesións de contos para bebés en lingua galega
Resolución concelleira	data 22 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 27581
Adxudicatario	Pavís Pavós contacontos
Importe	960,00 euros

Expediente	2565-334. 1 concerto de música infantil en galego e e 3 contadas con música dirixidas a público familiar e a bebés
Resolución concelleira	data 23 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 27967
Adxudicatario	Pablo Díaz Carros
Importe	1.320,00 euros

Expediente	2566-334. Prestación de servizos para a realización das <i>Xornadas sobre recursos educativos para traballarmos en galego</i>
Resolución concelleira	data 24 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 29053
Adxudicatario	AtlanticPonte 2000 S.L.U.
Importe	1.815,00 euros

Expediente	2567-334. 3 charlas para familias sobre pedagogía Montessori, no fogar e o desenvolvemento da fala
------------	--



Concello de Vigo

Resolución concelleira	data 25 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 29054
Adxudicatario	Sara Pena Couto
Importe	645,00 euros

Expediente	2568-334. Realización de 5 actividades formativas sobre pedagogías alternativas, educación e estimulación sensorial
Resolución concelleira	data 29 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 29327
Adxudicatario	María Inés Paredes Carral
Importe	907,50 euros

Expediente	2569-334. Prestación de servizos para a Quedada literaria e Correlingua en maio e 10 contadas que se realizarán no verán
Resolución concelleira	data 29 de abril de 2019
Informe Intervención	RC 29702
Adxudicatario	Jesús Ruperto Andrés Tejada
Importe	1.452,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ONCE PARA O CAMBIO DE MODELO DE QUIOSCOS NAS RÚAS C/MANUEL NUÑEZ Nº 2 E C/SANJURJO BADÍA, Nº 212. EXPTE. 19648/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/05/19, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

L 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.(LCSP)

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- A ONCE mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral o 23 de marzo do 2019, solicita autorización para a substitución dos quioscos instalados na Rúa Manuel Nuñez n.º 2 e Sanjurjo Badía n.º 212, polo novo modelo de quiosco consonte ao documento técnico achegado, mellorando sensiblemente os do modelo anterior e aumentando a seguridade e comodidade dos vendedores da ONCE no seu posto de traballo.

SEGUNDO.- Polo servizo de mobilidade e seguridade emitiuse informe o pasado 26 de abril do 2019 sinalando que “ (...) en Sanjurjo Badía, sendo a beirarrúa de mais de 05,00m, non hay problema para a súa instalación, pero tendo a cabina aproximadamente 10,00 cm mais de fondo e 25,00 cm de ancho, deben retirar hacia a parte exterior da beirarrúa 20,00cm e separala a unha distancia de 10,00 cm do banco alí instalado, procurando non tapar as arquetas. Na rúa Manuel Nuñez, non se detecta problema para a substitución da cabina.”

TERCEIRO.- No presente suposto, o solicitado pola concesionaria supón una modificación da concesión administrativa que foille outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5.12.2014, respecto ao modelo dos quioscos cuia instalación autoriza e que constan referenciados na clausula III do prego de clausulas administrativas e técnicas, vendose afectada dita relación no que atinxe aos seguintes modelos de quioscos a teor do solicitado pola concesionaria:

Clausula III: ZONA DE EMPLAZAMIENTO E MODELO DOS QUIOSCOS.

QUIOSCOS DA ONCE EN VIGO		
Nº ENDEREZO	LOCALIDADE	MODELO
2 C/Manuel Nuñez Plaza de Colón	Vigo	DUERO
35 C/ Sanjurjo Badía, 212	Vigo	BILBAO-L



Concello de Vigo

CUARTO.- Dacordo coas facultades que no Prego de clausulas administrativas e técnicas pola que se rixe a concesión recoñecese a concesionaria, establecece na clausula X, apartado B punto 2 a de “*Cambiar o modelo do quiosco, previa autorización do Concello*”.

Neste senso, e atendendo ó informe do servizo municipal de seguridade e mobilidade consonte non existe inconveniente no cambio de modelo de ditos quioscos, procede acceder ó interesado pola concesionaria e conseguintemente modificar o modelo dos quioscos nº 2 e 35 relacionados na clausula III do prego de condicións polo novo modelo previsto no documento técnico achegado pola concesionaria coa súa solicitude de data 26/04/2019.

QUINTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 11º da Lei de Contratos do Sector Público .

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Autorizar a la ONCE ao cambio do modelo dos quioscos sitos na Rúa Manuel Nuñez n.º 2 e rúa Sanjurjo Badía n.º 212 consonte ao novo modelo previsto no documento técnico achegado coa súa solicitude de data 26/04/2019, resultando modificada neses termos a Clausula III do Prego de Condicións administrativas e técnicas que rixe a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos para a venda de produtos de xogo, autorizada pola Xunta de Goberno Local o 5/12/2014, e mantendose no demais as condicións nos que foi otorgada dita concesión administrativa.

SEGUNDO.- Previamente a realización dos traballos de substitución do modelo, a concesionaria deberá comunicar á Concellería de Seguridade e Tráfico a data de inicio destes para a súa supervisión e sinalamento do lugar exacto de instalación, dispoñendo dun prazo de 15 días para a execución dos mesmos.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras, e Seguridade e Tráfico.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(413).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA A OFICINA DE ASISTENCIA AO REXISTRO E INFORMACIÓN. EXPTE. 34039/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 17/04/19, a Secretaría do Goberno Local, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 02/05/19 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 06/05/19, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.



Concello de Vigo

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 17/04/19 da Secretaría do Goberno Local así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 02/05/19, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos

esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas auxiliares de administración xeral para a Oficina de Asistencia ao Rexistro e Información, supón un gasto de **23.611,54 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.484,64 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D^a Susana González Melón, con DNI ***1128** e D^a Sandra Rodríguez Miguélez, con DNI ***8562**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.



Concello de Vigo

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares de administración xeral** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da **Oficina de Asistencia ao Rexistro e Información (Atención cidadá)**, contidas no escrito do 17/04/19 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.611,54 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Auxiliares de administración xeral a: D^a Susana González Melón, con DNI ***1128** e D^a Sandra Rodríguez Miguélez, con DNI ***8562**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscritos/as á Oficina de asistencia ao Rexistro e Información, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no

apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Secretaría do Goberno Local, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(414).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, NO MES DE ABRIL DE 2019. EXPTE. 2689/330.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 08/05/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e pola concelleira-delegada da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura, no mes de ABRIL de 2019.**

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2609/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO PARA REDACCIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS"	INTO CONSULTING B27802214	5.082,00 €



Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2629/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN POR AVARÍA NO GRUPO DE PRESIÓN DE GASOLEO DO VERBUM	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. A15208408	1.643,64 €
2631/330	CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN POR AVARÍA NO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DA PINACOTECA MUNICIPAL FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. A15208408	1.266,25 €
2644/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "DEBAJO DEL TEJADO" DA COMPAÑÍA PATA TEATRO, O DOMINGO 24 DE NOVIEMBRE, ÁS 18 HORAS, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	PATA TEATRO S.L. B92800374	3.025,00 €
2647/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "EL VIAJE DE ULISES" DE TEATRO GORAKADA, O VENRES 4 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	TEATRO GORAKADA S.L. B95831731	5.566,00 €
2650/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "EMPORTATS" DA COMPAÑÍA LA TRÓCOLA, O DOMINGO 17 DE NOVIEMBRE, ÁS 18 HORAS, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	LA TRÓCOLA CIRC PRODUCCIONES S.L. B42506329	5.082,00 €
2656/330	CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN E REPARTO DE MATERIAL GRÁFICO PUBLICITARIO DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2019	PUBLIGAL S.L. B36620151	6.528,37 €
15972/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA PARA A BIBLIOTECA JUAN COMPAÑEL POLA AMPLIACIÓN HORARIA DA SALA DE LECTURA NO MESES DE XUÑO A AGOSTO E DE DECEMBRO DE 2019	ALCOR SEGURIDAD, S.L. B27382175	13.288,22 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(415).- PROPOSTA ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DE OBRAS DOS PINTORES TOMÁS BARROS, ISAAC DÍAZ PARDO E RICARDO SEGURA REALIZADA POLO HERDEIROS DE TOMÁS BARROS PARDO. EXPTE. 6169/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/05/19, asinado polo director do museo, o xefe do Servizo de Museos, o xefe de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En data 12 de febreiro do ano en curso, D. Tomás Barros Cao, con DNI: 32.410.151-T, en nome dos herdeiros do artista Tomás Barros Pardo; presenta escrito dirixido ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Vigo polo que formaliza oferta de doazón de obras do seu pai, o pintor Tomás Barros Pardo; e dos pintores Isaac Díaz Pardo e Ricardo Segura Torrella.

Co escrito achega documentación relativa a requerimentos e condicións que os herdeiros establecen para a doazón; dossier fotográfico da obra ofertada; e acreditativa da súa propiedade sobre as obras que oferta.

1. Antecedentes¹

En data 17 de outubro de 2017, D. Tomás Barros Cao, fillo, e portavoz dos herdeiros, do pintor Tomás Barros Pardo, diríxese ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura ao obxecto de ofertar en doazón ao Concello de Vigo varias obras deste artista.

En data 9 de novembro de 2017 o Concelleiro Delegado de Cultura remite carta ao Sr. Barros no que lle expón a súa intención de valorar a oferta e comunícalle que, a tal obxecto, o director do museo municipal "Quiñones de León" desprazarase a A Coruña, lugar de ubicación das obras, para realizar exame visual daquelas que puidesen ser seleccionadas.

En data 1 de outubro de 2018 o director do museo realiza exame das obras; e, en data 16 do mesmo mes, Tomás Barros Cao remite nova carta ao Concelleiro Delegado de Cultura pola que amplía a súa oferta de doazón coa incorporación dunha selección de obras dos pintores Isaac Díaz Pardo e Segura Torrella.

En data 26 de outubro de 2018 o que subscribe emite informe no que realiza análise das obras ofertadas con valoración do seu interese artístico; concluíndo que resultaría de interese a aceptación dunha selección de 72 das mesmas.

1 Incluídos no expediente 6169-337.



Concello de Vigo

Esta selección está formada polas seguintes obras, referenciadas en detalle no ANEXO:

De Tomás Barros Pardo, 12 óleos

Fernando, o meu pai, ca 1950)

Autorretrato, 1960

Sen título (retrato), década de 1960)

Sen título (paisaxe), década de 1960)

Muller sentada sobre fondo azul, 1960

O parlamento grande, 1974

Sara, 1975

Baile na aldea, 1982

Unha versión de "O Quixote", 1983

Mariñeiros remando, 1983

Sen título (retrato), 1985

Sen título (retrato), 1985

De Isaac Díaz Pardo, 58 tintas.

12 ilustracións da revista "Aturuxo", 1952

46 ilustracións do libro "Espantapájaros" de Tomás Barros Pardo.

De Ricardo Segura Torrella, 2 tintas

Ilustracións da revista "Aturuxo", 1952

2. Interese público da aceptación da doazón

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "*son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, **adquisición**, (...) **de bens patrimoniais de carácter cultural** que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural.*"

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha das máis importantes coleccións públicas de arte galega contemporánea, estando representados nela os seus principais autores e tendencias.

O museo non dispón na actualidade de obra algunha do pintor coruñés **Tomás Barros Pardo**. Sendo certo que este artista ten permanecido en relativo escurecemento trala súa morte acontecida en 1987; esta circunstancia parece que tivo máis que ver co propio carácter do artista; e coa súa singularidade de estilo no panorama plástico galego do século XX, ao marxe de colectivos ou tendencias artísticas “oficiais”; que coa calidade da súa obra en sí, onde acada resultados de gran interese e que no seu conxunto representa unha moi valiosa reflexión en torno ao feito pictórico.

Na actualidade detectase un acrecentamento do interese sobre a obra de Tomás Barros amosado tanto pola realización de traballos recentes de investigación no ámbito universitario, ou polas exposicións feitas que fanse tralo seu pasamento; como pola incorporación que da súa obra están a facer museos e institucións culturais galegos como o Museo de Bellas Artes de A Coruña, a Real Academia Galega de Belas Artes, a Real Academia Galega, a Fundación Luís Seoane, o Concello de Ferrol (Centro Torrente Ballester), etc.

Queda así plenamente xustificado o interese público da obra e a conveniencia de aceptar a mencionada selección de obra ofertada en beneficio do Concello de Vigo e particularmente do seu museo municipal.

En relación ás obras que se ofertan dos pintores **Isaac Díaz Pardo** e de **Ricardo Segura Torrella** trátase de 46 tintas feitas para publicacións nas que Barros estivo involucrado “Aturuxo” e “Espantapájaros”, e considérase de interese a súa aceptación polos seguintes motivos.

Isaac Díaz Pardo é un dos creadores máis senlleiros da arte galega do século XX. Se ben da súa obra o Concello de Vigo dispón de magníficos exemplos esten son moi escasos e restrinxidos a un período cronolóxico concreto: 4 cadros, 3 no Museo Municipal “Quiñones de León” e 1 na colección Francisco Fernández del Riego.

A aceptación da obra de Isaac Díaz Pardo que se oferta significa ademais a incorporación á colección viguesa de magníficos exemplos da súa faceta como ilustrador. A crítica especializada recoñece que estas tintas, especialmente as producidas para a revista *Aturuxo*, atopanse dentro do mellor da produción do artista neste campo. A obra de **Ricardo Segura Torrella** igoalmente debería aceptarse principalmente co obxecto de preservar unido o conxunto das ilustracións que se produciron para a revista *Aturuxo*.

3. Condicións establecidas para a doazón

As condicións que os doantes establecen para doazón son as seguintes:

1. Compromiso da boa conservación dos cadros e debuxos que se doan.
2. Constancia no documento legal de doazón de que as obras doadas son froito dunha doazón ao Concello de Vigo, en nome dos herdeiros do artista Tomás Barros Pardo, dos seus fillos Araceli Barros Cao e Tomás Pedro Barros Cao.



Concello de Vigo

3. Constancia no documento legal da doazón dunha valoración estimada da obra doada.
4. Vinculación dos debuxos de Isaac Díaz Pardo cos poemas homónimos de Tomás Barros Pardo para os que foron expresamente debuxados, todos recollidos no poemario "Espantapájaros".
5. Divulgación do acontecemento da doazón a través dos medios de comunicación.

Non se atopa obxección algunha para o perfecto cumprimento por parte do Concello de Vigo das condicións que se establecen e ningunha representa gasto económico extraordinario para esta administración.

A obra que se doa gozará de todos os beneficios de que é obxecto actualmente a colección na que se integra, entre eles o seu coidado e boa conservación. Por outra banda na acta de doazón que se realice poderán constar os extremos solicitados polos doantes. En relación á vinculación dos debuxos de Isaac Díaz Pardo cos poemas do poemario "Espantapájaros" pode levarse a cabo tanto na súa identificación nos rexistros de inventario e catalogación do museo; como na divulgación que destas obras se faga facendo sempre mención desta vinculación nas publicacións, exposicións, etc. ás que se incorporen. Mesmo pode incluírse exemplar de dito libro de poemas xunto aos debuxos cando se expoña un número representativo deles.

4. Valoración económica estimada

En base ás consultas realizadas establecece un valor económico para o conxunto seleccionado en 79.500 €, segundo detalle individual para cada obra especificado no ANEXO.

5. Informe xurídico favorable

En data 25 de abril a Secretaria de Administración Municipal emite informe favorable o expediente de doazón de pezas da colección familiar Tomás Barros, sinalando que unha vez aceptada a doazón pola Xunta de Goberno local procederase ao modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico; e a necesidade de incorporar o presente informe ao expediente de doazón con carácter previo a súa aceptación por parte da Xunta de Goberno local.

Visto todo o cal, co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos, do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón das obras dos pintores Tomás Barros Pardo, Isaac Díaz Pardo e Ricardo Segura Torrella, ofertadas polos herdeiros de Tomás Barros Pardo, que figuran no anexo, con destino ao Museo Municipal "Quiñones de León", baixo as seguintes condicións:



- Constará na acta de doazón das obras: a súa valoración económica estimada; e que éstas son doadas ao Concello de Vigo polos fillos do pintor Tomás Barros Pardo, Araceli Barros Cao e Tomás Pedro Barros Cao, en nome dos herdeiros do artista.
- Compromiso da boa conservación das obras que se doan.
- Vinculación dos debuxos de Isaac Díaz Pardo que se doan cos poemas de Tomás Barros Pardo para os que foron expresamente debuxados, todos recollidos no seu poemario "*Espantapájaros*"; mediante o reflexo desta vinculación nas fichas de inventario e catálogo que á súa incorporación no museo municipal se produzan; así como na súa exposición mediante calquera medio que o Concello de Vigo considere oportuno.
- Divulgación do acontecemento da doazón a través dos medios de comunicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.-

RELACIÓN DE OBRAS DOS HERDEIROS DE TOMÁS BARROS PARDO QUE SE ACEPTAN EN DOAZÓN.-

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
1	Barros Pardo, Tomás	Fernando, o meu pai	Óleo/tea	37,5 x 46 cm	S/data (ca 1950)	2.500 €	
2	Barros Pardo, Tomás	Autorretrato	Óleo/tea	60 x 81 cm	1960	4.000 €	



Concello de Vigo







Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
3	Barros Pardo, Tomás	Sen título" (retrato)	Óleo/tábl ex	60,5 x 80,5 cm	S/data (década de 1960)	4.000 €	
4	Barros Pardo, Tomás	Sen título" (paisaxe)	Óleo/tábl ex	80 x 60,5 cm	S/data (década de 1960)	2.500 €	
5	Barros Pardo, Tomás	Muller sentada sobre fondo azul	Óleo/tea	80,5 x 120,5 cm	1960	4.000 €	
6	Barros Pardo, Tomás	O parlamento grande	Óleo/tea	100 x 73 cm	1974	3.000 €	
7	Barros Pardo, Tomás	Sara	Óleo/tea	73 x 100 cm	1975	2.500 €	
8	Barros Pardo, Tomás	<i>Baile na aldea</i>	Óleo/tea	130 x 97 cm	1982	4.000 €	

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
9	Barros Pardo, Tomás	<i>Unha versión de "O Quixote"</i>	Óleo/tea	81 x 100 cm	1983	2.500 €	
10	Barros Pardo, Tomás	<i>Mariñeiros remando</i>	Óleo/tea	73 x 92 cm	1983	2.500 €	
11	Barros Pardo, Tomás	Sen título (retrato)	Óleo/cartón	33 x 41 cm	1985	1.500 €	
12	Barros Pardo, Tomás	Sen título (retrato)	Óleo/cartón	33 x 41 cm	1985	1.500 €	
13	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo". Portada	Tinta/papel	15,7 x 21,8 cm	1952	1.000 €	



Concello de Vigo





Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
14	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	15,7 x 21,8 cm	1952	1.000 €	
15	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	15,7 x 21,8 cm	1952	1.000 €	
16	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	14,5 x 21,2 cm	1952	1.000 €	
17	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	21,3 x 7 cm	1952	1.000 €	
18	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	21,2 x 14,5 cm	1952	1.000 €	

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Año	Valoración económica	Imaxe
19	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	14,5 x 21,2 cm	1952	1.000 €	
20	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	21,2 x 7,5 cm	1952	1.000 €	
21	Díaz Pardo, Isaac	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/papel	4,7 x 16,7 cm	1952	1.000 €	
22	Segura Torrella, Ricardo	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/cartolina	24,2 x 7 cm	1952	500 €	
23	Segura Torrella, Ricardo	Ilustración da revista "Aturuxo"	Tinta/cartolina	24,3 x 5,5 cm	1952	500 €	
24	Díaz Pardo, Isaac	Portada. Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15,7 x 21,7 cm	1951	1.000 €	



Concello de Vigo





Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
25	Díaz Pardo, Isaac	I - El Irresoluto. Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15,7 x 21,7 cm	1951	1.000 €	
26	Díaz Pardo, Isaac	I a – El Irresoluto Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/cartolina	17'5 x 23'5 cm	1951	1.000 €	
27	Díaz Pardo, Isaac	II– El Desconsolado Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/cartolina	17'5 x 23'5 cm	1951	1.000 €	
28	Díaz Pardo, Isaac	II – El Devoto Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/cartolina	17'5 x 23'5 cm	1951	1.000 €	

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Año	Valoración económica	Imaxe
29	Díaz Pardo, Isaac	IV – La Madre Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/cartolina	17'5 x 23'5 cm	1951	1.000 €	
30	Díaz Pardo, Isaac	V – El Ciudadano Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
31	Díaz Pardo, Isaac	VI – El Loco Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
32	Díaz Pardo, Isaac	VII- Abandonado Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	







Concello de Vigo





Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
33	Díaz Pardo, Isaac	VIII – La Coqueta Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
34	Díaz Pardo, Isaac	IX – El Demoníaco Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
35	Díaz Pardo, Isaac	IX a – El Demoníaco Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
36	Díaz Pardo, Isaac	X – La Puta Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Año	Valoración económica	Imaxe
37	Díaz Pardo, Isaac	XI – El Feo Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
38	Díaz Pardo, Isaac	XII – La Viejecita Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
39	Díaz Pardo, Isaac	XIII – El Asceta Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
40	Díaz Pardo, Isaac	XIII a – El Asceta Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	







Concello de Vigo





Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
41	Díaz Pardo, Isaac	XIV – El Invisible Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
42	Díaz Pardo, Isaac	XV – El Niño Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
43	Díaz Pardo, Isaac	XVI – El Soldado Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
44	Díaz Pardo, Isaac	XVII – El Santo Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Año	Valoración económica	Imaxe
45	Díaz Pardo, Isaac	XVIII – El Criminal Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
46	Díaz Pardo, Isaac	XIX – La Monja Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
47	Díaz Pardo, Isaac	XX – El Reloj de Sol Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
48	Díaz Pardo, Isaac	XXI – El Ladrón Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	



Concello de Vigo

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
49	Díaz Pardo, Isaac	XXII - El Ambicioso Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
50	Díaz Pardo, Isaac	XXIII - El Lobo de Mar Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
51	Díaz Pardo, Isaac	XXIV - El Borracho Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
52	Díaz Pardo, Isaac	XXV - La Muñeca Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Año	Valoración económica	Imaxe
53	Díaz Pardo, Isaac	XXVI – El Avión Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
54	Díaz Pardo, Isaac	XXVII – La Preñada Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
55	Díaz Pardo, Isaac	XXVIII – El Dado Azar Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
56	Díaz Pardo, Isaac	XXIX – El Solitario Ilustración do libro “Espantapájaros”	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	



Concello de Vigo

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
57	Díaz Pardo, Isaac	XXX – La Muerte Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	
58	Díaz Pardo, Isaac	Guantes Ilustración do libro "Espantapájaros"	Tinta/papel	15'5 x 21'7 cm	1951	1.000 €	

17(416).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE DATA 17 DE ABRIL DE 2019, ADOITADA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR 2018320AM-PO. EXPTE. 27/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/05/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Fomento, que di o seguinte:

1.- Con data 18.07.2018 (DOC nº 180115168), tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, notificación da resolución de data 17.07.2018, da Xefa territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra da Xunta de Galicia, ditada no procedemento sancionador con referencia 2018320AM-PO no que con respecto ao Concello de Vigo se acorda a incoación dun expediente sancionador pola falta de control nas actividades de vixilancia sobre o xestor.

2.- Con data 21.08.2018 e dentro do prazo establecido ao efecto, presentouse escrito de alegacións á resolución de incoación do procedemento sancionador. Neste escrito se xustificaba o control na actividade de vixilancia sobre o xestor e a consecuente inexistencia da infracción imputada.

3.- Sen ter en conta os argumentos expostos polo Concello no seu escrito de alegacións con data 4.03.2019 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, notificación da proposta de resolución de data 28.02.2019, na que con respecto ao Concello de Vigo se acorda a imposición dunha sanción de 10.500 euros pola suposta comisión dunha infracción do artigo 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia en relación co artigo 4.2 e) do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, que establece os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano.

4.- Con data 21 de marzo de 2019 presentouse escrito de alegacións fronte á Proposta de Resolución no que se solicitaba o arquivo do expediente sancionador iniciado por acordo do Director de Augas de Galicia.

5.- Que na data 17.04.2019 (DOC nº 190057410), tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, notificación da resolución do Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade de data 17 de abril de 2019, na que con respecto ao Concello de Vigo resolve:

“Impoñer ao Concello de Vigo, como titular da rede de abastecemento de auga do seu termo municipal, unha sanción de multa por importe de dez mil cincocentos euros (10.500 €) segundo o detalle exposto no fundamento de dereito sexto da presente resolución”.

Que analizada a devandita Resolución e aos efectos de decidir sobre a impugnación ou non da mesma cómpre realizar as seguintes

CONSIDERACIÓNS

1º.- Ausencia na conduta municipal da tipicidade esixida no artigo 27 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O artigo 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que se considera infracción grave “e) *El incumplimiento, por negligencia grave, de los requisitos, condiciones, obligaciones o prohibiciones establecidas en la vigente legislación en materia sanitaria, así como cualquier otro comportamiento que suponga imprudencia grave, siempre y cuando ocasionen alteración o riesgo sanitario, aunque sean de escasa entidad. Y el mismo incumplimiento y comportamiento cuando, cometidos por negligencia simple, produzcan riesgo o alteración sanitaria grave. A los efectos de este apartado, constituirá un supuesto de negligencia la omisión del deber de control o la falta de los controles o precauciones exigibles en la actividad, servicio o instalación de que se trate.*”

Do tenor do artigo se desprende que a concorrencia do tipo fai necesaria a existencia dunha serie de requisitos. En concreto é precisa:



Concello de Vigo

a) A negligencia grave ou simple no cumprimento de obrigas legalmente establecidas.

A obriga legalmente esixible a que se refire este expediente é a relativa ao control e vixilancia da actividade de vixilancia no xestor, esixida no artigo 4.2 do Real Decreto estatal 140/2003, de 7 de febreiro, que establece os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, que dispón que "*cando a captación ou a conducción ou o tratamento ou a distribución ou autocontrol da auga de consumo o realice un xestor o xestores distintos do municipio, **éste velará** polo cumprimento deste Real Decreto por parte dos mesmos*".

Segundo se detallou nos escritos presentados polo Concello, o servizo de abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais no termo municipal de Vigo o realiza a UTE Aqualia FCC-Vigo, de conformidade co correspondente contrato de concesión de servizos públicos dende o 1 de xaneiro de 1991. En consecuencia, de conformidade co artigo 4.2 do Real Decreto estatal 140/2003, corresponde ao Concello velar para que a concesionaria cumpra co disposto na devandita norma, obriga que debe cumprir respectando o disposto no contrato suscrito coa concesionaria e sen exceder as competencias que lle atribúe a normativa aplicable, especialmente o Real Decreto estatal 140/2003.

Na Resolución obxecto deste Informe non se recolle proba alguna que constate que o Concello non cumprira coa súa obriga de velar para que a concesionaria cumprise co disposto no Real Decreto estatal 140/2003. En efecto, a mesma limítase a sinalar erroneamente que os feitos quedan probados á vista das actas de inspección, se ben -según se exporá a continuación- as mesmas non se refiren ás actuacións deste Concello.

Pola contra, a dilixencia do Concello de Vigo na súa labor de "velar" para que a concesionaria cumpra coa devandita norma é un feito irrefutable, que constatase á vista da labor de control que realizase dende o inicio da concesión. En concreto, o Concello leva a cabo un estrito control do exercicio da xestión do servizo por parte da concesionaria. Ademais, segundo constatouse na documentación aportada durante a tramitación do expediente, o control ordinario incrementouse na época de seca e posterior período de chuvias intensas.

Neste sentido, cómpre salientar que coa finalidade de constatar a exhaustividade e continuidade deste control, o Concello solicitou como proba documental a testifical dos funcionarios do Concello asignados ao control da concesionaria. Proba que foi rexeitada polo instructor ao entender erroneamente que todas as instrucións que dende o Concello se dan a unha concesionaria deben recollerse nunha acta, comparando estas instrucións cos acordos dos órganos colexiados municipais. Mediante esta testifical de funcionarios da Administración Local se constataría a labor de control realizada polo Concello sobre os servizos da concesionaria a efectos de determinar as medidas preventivas e correctoras a implantar para a mellora do servizo e, en particular, da calidade da auga. Entre estas medidas, destacar que se procedeu a analizar en detalle a implantación de procesos adicionais de tratamento da auga potable (ozonización, permanganato potásico, coagulación-floculación, remineralización), o proxecto de rechloración en liña en Canido, así como os trámites necesarios para a súa execución. Tamén valorouse a necesidade de incrementar o persoal da concesionaria para mellorar os controis e puxéronse en marcha os

trámites necesarios para a execución das actuacións de renovación e mallado da rede de distribución en determinados puntos do Concello.

Ademais, no propio "*Informe relativo as medidas preventivas e correctoras implantadas para a mellora da calidade da auga*", elaborado pola UTE Aqualia FCC-Vigo, que se aportou durante as actuacións previas, acredítase que a concesionaria do servizo co control do Concello adoptou dous tipos de medidas para mellorar a calidade da auga, baixo o control do Concello. Por un lado, tendo en conta as características do ano hidrolóxico 2016-2017, no que a pluviometría acumulada no embalse de Eiras foi un 43 por cento inferior á dos últimos 20 anos, se adoptaron determinadas medidas preventivas. E por outro lado, á vista da seca existente, a concesionaria do servizo, coa conformidade do Concello adoptou as medidas correctoras legalmente posibles que estimou procedentes para mellorar a situación.

Este feito determina un recoñecemento dunha postura activa por parte deste Concello na súa labor de control que evidencia a inexistencia da infracción imputada, que require unha deixadez no exercicio da súa competencia de control.

O Director Xeral de Saude Pública afirma na Resolución que as medidas adoptadas non foron adecuadas, aínda que non valora cales serían as consecuencias de que non se tiveran adoptado, nin recolle ningún tipo de medida alternativa concreta que posibilitara unha solución inmediata da situación existente. O feito é que si dende esa Administración se coñecía alguna medida concreta que poidera solventar de forma inmediata as consecuencias derivadas da situación da seca, estaba na obriga -atendendo as súas competencias- de poñela en marcha, puidendo entenderse, según a súa propia interpretación da norma, que a falta de adopción de medidas específicas distintas das adoptadas polo Concello e a concesionaria manifestaría un incumprimento das súas obrigas en materia de calidade da auga que requiren a adopción das medidas que garanticen o bo estado das augas dos ríos e embalses.

Por último e tendo en conta o carácter supramunicipal do servizo prestado dende a ETAP de O Casal, recoñecido nos propios documentos de planificación da Xunta de Galicia, que declaran esta infraestrutura de interese da Comunidade Autónoma, xa que dende a mesma se suministra auga potable aos concellos do entorno de Vigo (Cangas e Moaña) dende este Concello comunicouse en reiteradas ocasións a necesidade de contar coa colaboración económica da Xunta de Galicia para executar a mellora da ETAP de O Casal. Feito que constata una vez mais o cumprimento das súas obrigas e manifesta unha postura activa co fin de prestar o mellor servizo posible no termo municipal.

Con este mesmo fin, o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia acordaron asinar o "Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a execución da actuación de captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que conecta o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo". *Segundo se recolle no punto sétimo deste documento, o Convenio xustificouse pola "necesidade ineludible e inaprazable de dispoñer dos recursos hídricos necesarios para*



Concello de Vigo

garantir a suficiencia e calidade da subministración de auga potable domiciliar na área de Vigo determinan a necesidade da subscripción do convenio para a execución, como obra de emerxencia, da actuación obxecto del". Este convenio, que supón un recoñecemento das competencias da Xunta de Galicia foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, poñendo de manifesto una posición activa en colaborar dentro o ámbito das súas competencias.

Por último e conscientes da necesidade de garantir a calidade da auga de consumo humano, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, o Concello de Vigo e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, subscribiron con data 12 de abril de 2019 un convenio de colaboración co obxectivo de *" poder garantir el almacenamiento de agua necesaria para atender la demanda actual y futura de recursos hídricos para dicha zona, **tanto en cantidad como con la calidad** adecuadas, cumpliendo con la normativa nacional y comunitaria en materia de calidad de las aguas para consumo humano"*

En consecuencia, a dilixencia do Concello en velar na labor da concesionaria é incuestionable sen que na resolución e no resto de documentos obrantes no expediente se recolla referencia alguna que contradiga esta afirmación ou se sinale feito algún que poña de relieve o descoido do Concello no cumprimento das súas obrigas.

En definitiva, a diminución da calidade da auga bruta consecuencia dunha situación extraordinaria de sequía seguida dun periodo de chuvias extraordinaria foi a que ocasionou as incidencias identificadas pola propia concesionaria, sen que as mesmas teñan orixe na falta de cumprimento do Concello das súas obrigas de vixilancia con respecto á concesionaria.

b) Que esta actuación negligente ocasione unha alteración ou risco sanitario.

En segundo lugar, a infracción imputada esixe que se ocasionase unha alteración ou risco sanitario consecuencia da falta de dilixencia no exercicio dunha actividade. No presente caso, quedou acreditado no expediente que non produciuse risco sanitario como consecuencia da actuación desta Administración, xa que si a autoridade sanitaria estimase que a mesma ocasionaría unha posible repercusión sobre a saúde da poboación afectada, tería declarada unha situación de alerta, segundo se recolle no artigo 27 do Real Decreto 140/2003.

En efecto, segundo este artigo corresponde a autoridade sanitaria valorar a apertura ou non dunha situación de alerta no caso de que como consecuencia da existencia de algún incumprimento a mesma, se estimase necesaria. No presente caso, a Xefatura territorial da Consellería de Sanidade, consciente da superación de determinados valores fixados no devandito Real Decreto en puntos determinados da rede e en momentos moi concretos que poden ter efectos sobre o sabor, color e olor da auga entendeu -como órgano competente- que non concurrían as circunstancias necesarias para declarar a situación de alerta, o que determina que non existía unha alteración ou risco sanitario.

En consecuencia, a actuación municipal non ten encaixe no tipo imputado xa que non concurren os requisitos establecidos no mesmo. Polo tanto, non é que este Concello cuestione a tipicidade da infracción, segundo se indica na Resolución, senón que non concurren no presente caso os elementos do tipo sancionador o que impide que o mesmo poida aplicarse. Polo tanto, a actuación municipal non pode cualificarse de típica, antixurídica, nin punible para poder sustentar unha sanción administrativa ó Concello de Vigo.

A falta de coincidencia da conducta municipal co suposto de feito da norma tipificante ocasiona a nulidade da resolución derivada do incumprimento do artigo 27 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo ao principio de tipicidade

Neste sentido se pronuncia, como no podería ser de outra forma, a doutrina xurisprudencial. Entre outras, a Sentencia do Tribunal Supremo de 4 de outubro de 2000 afirma que *“en lo que atañe al principio de tipicidad –única cuestión que es objeto de controversia en el presente recurso- la tipicidad de una conducta infractora supone la coincidencia de ésta con el supuesto de hecho de la norma tipificante, siendo condición esencial determinante tal adecuación de tal suerte que una conducta desplegada por muy reprobable que esta sea en el orden social, moral, ético no adquiere significado infractor hasta que la misma queda recogida normativamente como conducta sancionable, penal o administrativamente (...)”*.

No mesmo sentido, cabe mencionar a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 27 de xullo de 2017, que fronte unha resolución sancionadora da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia establece:

“En definitiva, los hechos de que trae causa la sanción no puede decirse que con claridad puedan incluirse en el tipo, por lo que, ha de estimarse el recurso en este punto, procediendo, ex [artículo 62.1 a\) de la Ley 30/1992](#), declarar la nulidad de pleno derecho de la sanción impuesta por vulneración del principio de tipicidad ínsito en el de legalidad, consagrado en el [artículo 25.1 de nuestra Constitución](#), porque los hechos no son susceptibles de esta infracción al no encajar en la conducta típica establecida en la Ley.

*Reiterada doctrina del Tribunal Supremo en materia de sanciones administrativas se refiere ...“al principio de tipicidad de una conducta infractora, garantizado en el [art. 25.1 CE](#), requiere para su aplicación, la coincidencia del supuesto de hecho con la norma tipificante, siendo condición esencial determinante **la adecuación clara de la acción u omisión con tal norma, que veda toda interpretación analógica o extensiva**, por suponer la necesidad de la predeterminación normativa de las conductas infractoras como consecuencia de razones de seguridad jurídica ineludible a las que se refiere el [art. 9.3 CE](#).”...(...), pudiendo ser citada la Sentencia de 27-1-2010 dictada por la Sección 3ª de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, en recurso 6807/2009 (LA LEY 1994/2012), (EDJ 2012/4530), que defiende la **estricta aplicación del principio de legalidad de las infracciones administrativas** y, ello, con el objeto de no incurrir en una interpretación*



Concello de Vigo

extensiva o analógica del tipo aplicado, criterio que se corresponde con el que igualmente se adopta por el Tribunal Constitucional, (expuesto en las Sentencias 218/2005, de 12 de septiembre EDJ2005/144694 , 113/2008, de 29 de septiembre EDJ2008/178017 , 104/2009, de 4 de mayo EDJ2009/82107 , 36/2010, de 19 de julio EDJ2010/158822 , y 57/2010, de 4 de octubre EDJ2010/205212), sobre el significado, el contenido y el alcance de las garantías que se desprenden de la consagración del principio de legalidad en el ámbito del Derecho administrativo sancionador, conforme a lo dispuesto en el [artículo 25 de la Constitución](#), que son vinculantes para el legislador, para el poder reglamentario y para los aplicadores del Derecho.

En definitiva, o Concello de Vigo cumpriu coas súas obrigas sen omitir o deber de control sobre a concesionaria o que determina a inexistencia da infracción que se imputa, xa que os feitos dos que trae causa a sanción non poden incluírse no tipo imputado.

2º.- Vulneración da presunción de inocencia

Os principios xerais que inspiran ao dereito penal son aplicables á potestad sancionadora da Administración. Entre estes principios, ademais do principio de tipicidade- antes referido-, destaca o de presunción de inocencia, que impón á Administración que acusa e sanciona a carga da proba da realidade dos feitos que imputa, posto que a presunción de inocencia soamente pode destruírse por unha proba da súa culpabilidade.

O artigo 77.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, dispón que os documentos formalizados polos funcionarios públicos aos que se recoñece a condición de autoridade e nos que observándose os requisitos legais correspondentes **se recollan os feitos constatados por aqueles** faran proba destes agás que se acredite o contrario. Polo tanto, entre os requisitos se exige que os feitos que se imputan sexan constatados polos funcionarios que subscriben a acta.

Segundo se recolle na Resolución do Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade as actas de control oficial, que foron ratificadas mediante informes constatan a existencia dunha actividade probatoria de cargo fronte ao Concello de Vigo susceptible de sustentar a imputación realizada. Polo tanto, segundo esta Resolución a proba de cargo fronte a este Concello fundamentase exclusivamente nas actas de inspección realizadas e nos informes sobre as mesmas.

Non se comparte esta argumentación, xa que no Informe F105/01/18 suscrito polas farmacéuticas inspectoras de saúde pública co fin de valorar o inicio dun expediente sancionador como consecuencia do contido das actas de inspección realizadas non se fai referencia alguna ao Concello. Neste informe e á vista do contido das actas de inspección realizadas conclúese propoñendo o inicio dun expediente sancionador á concesionaria do servizo sen que exista referencia alguna á responsabilidade do Concello de Vigo pola suposta infracción que despois de imputa sen proba alguna.

En consecuencia, tendo en conta que de conformidade co devandito artigo 77 da Lei 39/2015 para que unha acta de inspección goce da presunción de veracidade é preciso que un funcionario recolla feitos constados por eles que acrediten a participación, non resulta aplicable a relativa presunción sen que se poda entender que exista proba de cargo suficiente.

En relación coa eficacia que fronte ao principio de presunción de inocencia, debe atribuírse ás actas expedidas por axentes da autoridade, debe recordarse a doutrina constitucional sobre este particular, resumida na Sentencia do Tribunal Constitucional 169/1998, segundo a cal "*..las actas de inspección tienen un valor que va más allá de la denuncia y gozan de valor probatorio. Sin embargo, esto no quiere decir "que las actas gocen (..) de una absoluta preferencia probatoria que haga innecesaria la formación de la convicción judicial acerca de la verdad de los hechos empleando las reglas de la lógica y de la experiencia. En vía judicial las actas (...) incorporadas al expediente sancionador no gozan de mayor relevancia que los demás medios de prueba admitidos en Derecho y, por ello, ni han, de prevalecer necesariamente frente a otras pruebas que conduzcan a conclusiones distintas, ni pueden impedir que el Juez del contencioso forme su convicción sobre la base de una valoración o apreciación razonada de las pruebas practicadas"* (SSTC 76/1999 e 14/1997 ". Además , como recuerda a Sentencia 56/1998 , "***..ese valor probatorio sólo puede referirse a los hechos comprobados directamente por el funcionario, quedando fuera de su alcance las calificaciones jurídicas, los juicios de valor o las simples opiniones que los inspectores consignen en las actas y diligencias*** (STC 76/1990 , fundamento jurídico 8º; también, ATC 974/1986, en relación con las actas de la Inspección de Trabajo, ATC 7/1984; en general, STC 169/1994)." (más recentemente, STC 70/2012).

A ausencia de actividade probatoria de cargo suficiente ocasiona unha flagrante vulneración da presunción inocencia e determina a procedencia de anular a sanción imposta ao Concello.

A maior abundamento, debemos reiterar segundo o exposto nos escritos presentados durante a tramitación do expediente de referencia que non existiu por parte deste Concello ningunha intencionalidade de incumprir norma alguna e non existe proba alguna que determine o contrario, feito que determina de conformidade coa presunción de inocencia e con o principio in dubio pro reo, a nulidade da sanción e o arquivo do expediente sancionador.

Resulta ilustrativo do exposto a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 27 de xullo de 2017 que recollendo a doutrina do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional subliña:

"Los principios generales que inspiran el derecho penal son aplicables a la potestad sancionadora de la Administración entre los que destaca además del de tipicidad, el de la presunción de inocencia del acusado en tanto no se pruebe lo contrario, que impone a la Administración que acusa y sanciona la carga de la prueba de la realidad de los hechos que imputa y que son reprochables al sujeto inculgado, puesto que la



Concello de Vigo

presunción de inocencia del acusado sólo puede destruirse por una prueba acabada de su culpabilidad. (STS, 16.II.82 ; 15.V.86; 9.XII.86 ; 31.I.90; 26.III.91)A la Administración le incumbe la prueba de los hechos y de la culpabilidad del presunto responsable, como resulta de la sentencia del T.C. 212/1990, **sin que nadie esté obligado a probar su propia inocencia;** cualquier insuficiencia en el resultado de las pruebas practicadas debe traducirse en un pronunciamiento absolutorio (STC 138/1990 . Tampoco en la vía de impugnación contenciosa - administrativa se produce, para el sancionado recurrente, un desplazamiento de la carga de la prueba. Únicamente tiene la carga de recurrir frente al acto administrativo sancionador, pero su impugnación puede consistir en la **ausencia de prueba, en el procedimiento sancionador, de los hechos imputados o de la culpabilidad respecto de los mismos,** quedando desprovisto de fundamento el acto sancionador. En resumen, no podemos sino concluir que el principio de presunción de inocencia obliga a declarar que esta infracción no está suficientemente probada “.

Do mesmo modo se pronuncia o Tribunal Supremo, concretamente na STS de 9 de abril de 1996 subliña que «la potestad sancionadora de la Administración ha de ejercitarse ajustándose a los principios esenciales inspiradores del orden penal, ya que dicha potestad tiene como soporte teórico la negación de cualquier diferencia ontológica entre sanción administrativa y penal». O Tribunal Supremo reitera nesta Sentencia a aplicación dos principios de dereito penal con matices e por elo subliña que tanto nun sentido material como procedimental é necesario para impoñer unha sanción «**la constancia clara e individualizada de la autoría de los hechos determinantes de la sanción así como de la antijuridicidad tipificada de los mismos y su imputación culposa o dolosa**». Non sendo por tanto, de aplicación na actualidade a imputación de infracción a título de simple negligencia.

En consecuencia, a falta de actividade probatoria que permita fundamentar un xuízo razoable de certeza dos feitos imputados, obtida mediante probas de cargo, e certeza do xuízo de culpabilidade sobre eses mesmos feitos, determina a imposibilidade de impoñer unha sanción que determinaría unha fragante vulneración do principio de presunción de inocencia, aplicable tamén no exercicio da potestade administrativa.

3º.- Vulneración do principio de legalidad

A garantía da seguridade xurídica e o pleno sometemento da actuación da Administración á Lei exixe o cumprimento por parte das administracións do réxime competencial establecido na normativa aplicable.

Ao marxe das competencias dos entes locais en materia de augas e de sanidade, a Xunta de Galicia a través das súas distintas consellerías ostenta as propias. A estes efectos e segundo o exposto nos escritos presentados con anterioridade, o Real decreto estatal 140/2003, de 7 de febreiro, establece determinadas competencias exclusivas da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. En concreto, o artigo 2.2 desta norma dispón que “*entenderase por autoridade sanitaria á Administración sanitaria autonómica competente ou outros órganos das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias*”. Por tanto,

segundo o disposto a efectos do contido e obrigas establecidos no devandito Real Decreto a autoridade sanitaria no ámbito da comunidade autónoma de Galicia é a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

O artigo 19 do citado Real decreto sobre vixilancia sanitaria establece: “A vixilancia sanitaria da auga de consumo humano é responsabilidade da autoridade sanitaria, quen velará para que se realicen inspeccións sanitarias periódicas do abastecemento. Ademais o artigo 27 do devandito Real Decreto establece como competencia da autoridade sanitaria “valorar a apertura ou non de unha situación de alerta”; “estimar a importancia do incumprimento, a repercusión sobre a saúde da poboación afectada e a realización dun estudo de avaliación do risco debido a un episodio de incumprimento se o considera necesario”. Ademais, este artigo dispón que “ en cada situación de alerta o incumprimento a autoridade sanitaria valorará a posibilidade de prohibir o subministro o consumo, restrinxir uso, aprobar técnicas de tratamento apropiadas para modificar a natureza ou propiedades antes do seu consumo co fin de eliminar o risco do incumprimento e a presentación de riscos potenciais para a saúde da poboación”.

Por tanto, de conformidade con este Real Decreto a competencia para adoptar calquera tipo de medida en relación coa calidade da auga é competencia da Consellería de Sanidade. O que determina que cando se detectan incumprimentos no abastecemento ou na calidade da auga do consumo humano sexa a autoridade sanitaria a competente para adoptar as medidas extraordinarias precisas.

A efectos de graduar a entidade dos posibles incumprimentos e as súas consecuencias, o propio artigo distingue dous réximes diferentes: uno para o caso dos incumprimentos dos parámetros que se relacionan no apartado C do Anexo I e outro para os apartados A e B do mesmo anexo. No caso dos incumprimentos dos apartados A e B do Anexo, a autoridade sanitaria declara de modo automático a auga como non apta. Pola contra, o apartado C do Anexo I refírese a meros “indicadores” o que determina que nestes casos pódese valorar a conveniencia de declarar a auga como apta ou non apta e adoptar medidas excepcionais en función de si existe un risco sanitario o non. A estes efectos, na práctica a autoridade sanitaria utiliza o Documento consensuado coas Comunidades Autónomas e aprobado con data 9 de marzo de 2005, sobre o desenvolvemento do artigo 27.7. do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro que establece uns límites para considerar a auga como non apta aínda que este documento non teña a natureza dunha norma, consistindo nunha mera recomendación.

No presente caso, todos os incumprimentos detectados que se recollen na Resolución do Director xeral de saúde pública, salvo unha excepción en un punto de Canido, encádranse no apartado C, é dicir refírese a parámetros indicadores que teñen como límite unha recomendación adoptada de común acordo entre administracións- o que determinou que na práctica a autoridade sanitaria non acordase medida algunha específica por entender que non existía un risco sanitario e que eran suficientes as medidas correctoras da concesionaria.



Concello de Vigo

Respecto ao incumprimento do trihalometano detectado en Canido 219, con data 8 de xaneiro de 2018, que o estar incluído na parte B do Anexo I daría lugar a declaración automática da auga como non apta, para o caso de que nas 24 horas se confirmase o valor; debemos recordar que, segundo se acredita no comunicado de peche do incumprimento realizado pola concesionaria con data 17 de xaneiro -que consta incorporado ao expediente- as comprobacións realizadas dende o 3 ao 16 de xaneiro de 2018 demostran que non se confirmou o incumprimento e en consecuencia non procedía a declaración deste auga como non apta, o que entendemos que determinou que a propia Xefatura Territorial a declarase de novo como apta.

Fronte ao exposto, o Director Xeral de Saude Pública, subliña que *“ditas argumentacións tampouco poden admitirse xa que a potencial utilización do mecanismo de excepción non esta limitada a un único parametro e porque tanto o Concello como a propia empresa xestora poideron, cando menos, propoñer esta vía á Xefatura Territorial antes de descartala unilateralmente”*. E conclue indicando que o feito de que non se usara este mecanismo como consecuencia da situación de seca, débese interpretar como que non era necesario usalo. Fronte este razoamento torcido e apartado totalmente da legalidad, debemos recordar que a actuación deste Concello adecuase sempre a legalidade o que determina que unicamente se formulen as solicitudes cando se reunen os requisitos establecidos ao efecto na normativa aplicable. Feito que determinou que neste caso non se solicitara unha excepción para a que non se reunían os requisitos. Polo tanto, no se produxo un *“descarte unilateral”* senon un respecto do marco legal establecido, que determinaba que se era necesario declarar unha posible situación excepcional a quen correspondía esta competencia era á Administración Autónoma que agora nos sanciona.

É innegable que a actuación municipal realizada, tanto no control da concesionaria como nas distintas iniciativas ante a propia Xunta de Galicia mediante a cal tratouse de manter e mellorar a calidade da auga dentro do seu ámbito competencial adecuase a legalidade. Pola contra, a Consellería de Sanidade, atendendo a súa condición de autoridade sanitaria, de entenderse que existía alteración ou risco sanitario debía proceder a adoptar as medidas excepcionais en cumprimento das súas obrigas legais.

A vista dos fundamentos de feitos e dereito expostos, a Resolución do Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade de data 17.04.2019, impondo ó Concello de Vigo unha multa de 10.500 euros por infracción sanitaria é contraria ó ordenamento xurídico e, por tanto, deberá ser anulada.

4º.- Vulneración do principio de proporcionalidade en materia sancionadora

A Resolución da Dirección Xeral de Sanidade mantén a infracción grave do artigo 42.e) da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia cunha sanción de 10.500 euros (grao medio e na contía máxima dese grao)

Esta sanción supón unha vulneración do principio de proporcionalidade en materia sancionadora, que de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público esixe unha correlación entre a actuación administrativa e a sanción imposta.

Con independencia de que os motivos expostos determinan a inexistencia dos elementos obxectivos e subxectivos para entender cometida a infracción, consideramos que entender que dita conduta constituíu unha infracción grave e aplicar a sanción aínda que mínima, na súa metade superior, é totalmente desproporcionado e contrario ao ordenamento xurídico, polo que, cando menos, deberá practicarse unha redución substancial da sanción a impoñer que garde a axeitada proporción co feito sancionado.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Interpoñer recurso de alzada contra a Resolución do director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade de data 17 de abril de 2019, que impón ao Concello de Vigo unha multa de 10.500 euros pola comisión dunha infracción pola suposta comisión dunha infracción grave do artigo 42.e) da Lei 8/2008 , de 10 de xullo, de saúde de Galicia en relación co artigo 4.2 e) do Real Decreto 140/2003, que establece os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano e se adopte resolución pola que se acorde deixar sen efecto a mesma e proceder ó arquivo do expediente sancionador de referencia, en base as consideracións de feito e dereito que se recollen na parte expositiva do presente informe-proposta.

2.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza a sinatura do recurso de alzada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(417).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA DE TAXI Nº 287. EXPTE. 2104/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 08/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O día 24 de agosto de 2018 entra no rexistro Xeral do Concello de Vigo un informe do Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra, en contestación á solicitude realizada polo Concello de Vigo, no que se comunica que a autorización VT nº **05055464**, adscrita ó vehículo **2282 FRS** causou baixa de forma definitiva, por non visar dende o **28 de febreiro de 2014**.



Concello de Vigo

Segundo consta nos datos obrantes neste Área de Transportes, o vehículo **2282 FRS**, marca **SKODA OCTAVIA 1.9 TD**, figura adscrito á licenza de taxi nº **287**, sendo o seu titular D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ

Na data 24 de setembro de 2018 dítase o decreto polo que se incoa expediente de declaración de caducidade da licenza municipal de taxi nº 287, que establece o seguinte:

PRIMEIRO.- INICIAR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE da licenza de taxi nº 287, da que e titular D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ, por carecer da Tarxeta de Transportes.

SEGUNDO .-CONCEDER trámite de audiencia ó titular da licenza D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ, durante un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ó da notificación desta Resolución, a fin de presentar as alegacións que teña por convenientes.

O citado decreto notifícase ó interesado na data 25 de outubro de 2018, e en data 2 de novembro de 2018 comparece no servizo de Transportes D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ, ó obxecto de formular alegacións en tempo e forma no expediente.

O 21 de novembro de 2018 presenta alegacións nas que manifesta que ten interposto perante as administracións autonómicas competentes, alegacións tendentes á rehabilitación da autorización VT nº **05055464**, solicitando se proceda á suspensión temporal do acordo de renovación de licenza, en tanto non resolva o órgano competente da Xunta de Galicia.

Na data 21 de xaneiro de 2019 solicítase ó servizo de Mobilidade de Pontevedra, información sobre si D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ solicitou a rehabilitación da tarxeta de transportes VT n.º **05055464**, e na data 24 de xaneiro de 2019 recíbese contestación do Servizo de Mobilidade de Pontevedra, na que comunica o seguinte:

“ Como contestación ó seu escrito de data 23-01-201, no que se solicita información sobre a situación actual da tarxeta VT de Juan Roberto Costas Martínez con DNI 35926932 N, comunicáselle que a Autorización VT no 05055464 adscrita ó vehículo 2282-FRS causou baixa de forma definitiva, por non visar dende o 28-02-2014.

Non presentou solicitude de rehabilitación no prazo dun ano , dende que lle correspondía visar, tiña de prazo para presentar a rehabilitación ata o 28-02-2014, non presentando ningún expediente.

Non procede a rehabilitación de dita autorización, que causou baixa definitiva o 28-02-2014.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando, que o artigo 4, punto 3, da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as licenzas de taxi e autorizacións

interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento coordinado de outorgamento regulado no artigo 16 da presente lei.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 5 da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 e publicado no BOP de data 11 de marzo de 2015 (modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018 e en vigor a partir do 17 de outubro de 2018), a prestación do servizo de taxi esta suxeita a previa obtención da licenza municipal de taxi e da autorización interurbana de taxi .

Considerando que o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis na cidade de Vigo, establece que se declarara a caducidade das licencias, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento, circunstancia que se da en el presente caso al carecer o titular da licenza dun dos títulos que xustificaron o seu outorgamento.

Considerando o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Considerando que de conformidade co Decreto de delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015 as competencias en materia de taxis corresponden á Concelleira Delegada da Area de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos .

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 49 da citada Ordenanza, poderase declarar a **caducidade da licenza municipal** por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento.

Polo até aquí exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO .- **Declarar a caducidade da licenza municipal de taxi nº 287** da que é titular D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ por carecer de autorización VT, ó non visala dende o **28 de febreiro de 2014**, causando baixa de forma definitiva a autorización VT nº **05055464**, adscrita ó vehículo **2282 FRS** segundo o informe emitido en data 20 de agosto de 2018 polo Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra e recibido no Rexistro municipal do Concello o 24 de agosto de 2018.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo ó titular D. JUAN ROBERTO COSTAS MARTINEZ requeríndolle no prazo de 10 días, contados a partir da citada notificación, para que entregue na oficina do servizo de Transportes do Concello de Vigo (sita na pranta 11 do



Concello de Vigo

Edificio Administrativo) a licenza municipal, e proceda a retirar todos os distintivos dos que dispoña o vehículo.

Unha vez entregado o solicitado, o interesado non poderá prestar servizo de taxi como titular da licenza de taxi nº 287.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(418).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez